

Memoria Técnica

Proxecto 0120-CTGNP-1-P

ÍNDICE

Memoria Técnica	1
1. INTRODUCCIÓN	5
2. PROXECTO	7
2.1. XUSTIFICACIÓN.....	7
2.2. CRITERIOS ENDÓGENOS.....	7
2.1.1. Criterios endóxeos a nivel xeral	7
2.1.2. Criterios endóxeos a nivel particular	9
2.3. CRITERIOS EXÓXENOS	10
3. MISIÓN, VISIÓN E OBXECTIVOS.....	13
3.1. MISIÓN	13
3.2. VISIÓN	13
3.3. OBXETIVO XERAL.....	13
4. SERVICIOS COMPARTIDOS.....	14
4.1. COOPERACIÓN A CAÑIZA - ARBO - MELGAÇO	14
4.1.1. MELGAÇO: Centro de Estagios	14
4.1.2. A CAÑIZA: Camping Municipal “Carballo de Marco”	18
4.1.3. - Usuarios Potenciais	23
4.1.4. Targets	26
4.1.5. Análise DAFO.....	27
4.2. COOPERACIÓN VALENÇA – TUI – O PORRIÑO.....	29
4.2.1. VALENÇA: Piscinas en Court de Tennis de Valença	29
4.2.2. TUI: Área de Panorámica Tui.....	32
4.2.3. O PORRIÑO: Centro de Deportes de O Porriño	36

4.2.4.- Usuarios Potenciais	39
4.2.5. Targets	43
4.2.6.. Análise DAFO.....	44
4.3. DAFO XERAL DO PROXECTO	47
5.- ORGANISMOS XESTORES INFLUINTES.....	49
5.1. AECT	49
5.2. Concellos	52
6.- A XESTIÓN COMPARTIDA: Actuacións a desenvolver	53
6.1. Introducción.....	53
6.2. Modelos da xestión compartida.....	54
7. A XESTIÓN COMPARTIDA A CORTO PRAZO	55
7.1. Descrición de acordos existentes e prantexamentos dos novos	55
7.2 Actuacións de marketing a desenvolver	66
7.3 Carné Transfroteirizo	66
7.4. Eventos e actividades.....	67
7.5. Promocións e descontos	68
7.6 Comunicación.....	69
8. A XESTIÓN COMPARTIDA A MEDIO PRAZO	71
8.1. Descrición da nova figura do CONSORCIO	71
8.2_ Modelo xurídico	72
8.3. Procedemento a seguir na creación.....	73
8.5. Mapa de procesos	79
8.6. Actuacións de marketing a desenvolver	81
8.7. Transporte.....	81

8.8. Comunicación.....83

9. A XESTIÓN COMPARTIDA A LONGO PRAZO86

10.- CONCLUSIÓNS.....90

1. INTRODUCCIÓN

Tempos xa correron do emprego dos fondos europeos destinados para o desenvolvemento territorial gracias a creación de novos centros, infraestruturas e recursos para a poboación. Na realidade económica que nos estamos a mover resulta imprescindible conseguir unha optimización de recursos coma un medio cara a proporción de servizos a poboación residente no territorio transfronterizo.

Tendo moi presentes aspectos como a excelencia na administración, a xestión compartida de infraestruturas, e o desenvolvemento dun territorio a partir da súa adecuación a realidade na que vivimos gracias ao traballo común entre pobos, desenvolveuse o presente proxecto. Proxecto que non quere pecar de ambicioso e descoñecedor da situación e das complicacións que a execución do mesmo pode levar consigo, por lo que ve imprescindible o desenvolvemento de pequenos pasos que funcionen como detonantes no mundo da xestión compartida e como prueba piloto para o desenvolvemento e implantación final duha utilización global e transfronteiriza da poboación residente.

O fin ultimo polo tanto, non deixa de ser, marcar o camiño a seguir cara o desenvolvemento dunha REDE ACTIVA de poboación transfronteiriza que vexa mais alo das suas fronteiras cara o destino do seu tempo de lecer.

Na sociedade industrial o tempo de lecer era un privilexio reservado a uns poucos, mais coa chegada da sociedade postindustrial prodúcese a democratización do lecer, entendido como eido multidisciplinar incluíndo: **cultura, deporte e turismo**.

O aumento da importancia do tempo libre leva asociada unha mellora da calidade de vida, xa que o lecer concíbese como un instrumento para que os pobos se desenvolvan e crezan interiormente os individuos.


A desaparición das fronteiras europeas, a globalización dos servizos, as melloras nas redes de infraestruturas e o multiculturalismo entre outros, dan lugar a novas prácticas e actitudes que potencian o **consumo cultural e de actividades de lecer**.

Conscientes da importancia da cultura do ocio na actualidade como elemento de desenvolvemento individual e colectivo, queremos ofrecer unha selección dos servizos pilotos susceptibles de ser compartidos polo seu carácter de recursos culturais, deportivos e turísticos. Ao longo do presente informe ofreceremos uns modelos de cooperación transfronteiriza que van desde acordos bilaterais a hipotéticas modificacións lexislativas nacionais.

Para este proxecto piloto, escolleuse por razóns históricas de cooperación e colaboración ós concellos de O Porriño, Tui coa Cámara Municipal de Valença do Minho e os Concellos de Arbo e A Cañiza coa Vila de Melgaço.

Seleccionaronse como servizos pilotos de cooperación nos servizos culturais e deportivos e turísticos O CAMPING “CARBALLO DO MARCO” de A Cañiza, a ÁREA PANORÁMICA de Tui e O CENTRO DE DEPORTES DO PORRIÑO. Da mesma maneira o COMPLEXO DESPORTIVO da Vila de Melgaço e o COMPLEXO DA PISCINA MUNICIPAL E COURT DE TENIS de Valença.

O seguinte gráfico amosará a selección global para establecer as premisas na xestión compartida de recursos fronteirizos.




2. PROXECTO

2.1. XUSTIFICACIÓN

A premisa inicial da que se partiu para a elección dos servizos susceptibles de xestión compartida centrouse en que estes fosen **diferentes e complementarios** entre si, garantindo o seu aproveitamento e xerando unha oferta de varios servizos adaptados ás necesidades de distintos perfís poboacionais e, ao mesmo tempo, non sendo recursos excluíntes entre si.

En segundo lugar, os argumentos utilizados para xustificar a elección dos recursos a compartir divídense en dous tipos: **criterios endóxenos e exóxenos**.



2.2. CRITERIOS ENDÓXENOS

2.2.1. Criterios endóxenos a nivel xeral

Desde unha perspectiva interna, os recursos seleccionados cumpren globalmente as seguintes características:

- Teñen unha afluencia importante de usuarios das dúas beiras da fronteira:

No momento do estudio xa existe un movemento fluído de usuarios españois e portugueses nos servizos seleccionados. Foi unha das variables fundamentais tidas en conta xa que ao seren recursos xa coñecidos polo público portugués e galego, o esforzo destinado á promoción entre estes usuarios é menor.

- Son servizos atractivos e accesibles:

Para a poboación en xeral é fundamental que as instalacións sexan completas e estean en boas condicións, teñen que ser servizos para tódolos públicos e de todas as idades para non limitar o acceso a ningún sector da poboación. Ademais os colectivos desfavorecidos teñen cabida nos servizo ofertados: turísticos, culturais e deportivos. Estos servizos cumpren estas condicións.

- **Cultura Organizativa:**

Un dos criterios endógenos máis importantes era que os recursos seleccionado tiveran unha cultura organizativa que facilitase a implantación de novos procedementos e sistemas de xestión. Na nosa elección os seus procesos internos estean controlados, organizados e a explotación dos datos resultantes sexa fácil de realizar. O proceso a poñer en marcha, un novo modelo de xestión compartida, vai a necesitar dun esforzo da organización. Este esforzo debe ser dedicado ao obxectivo final e evitar ter que definir e implantar estruturas organizativas básicas.

- **Talante colaborativo por parte dos interesados.**

É fundamental o compromiso e liderazgo dos alcaldes dos concellos e dos presidentes das cámaras municipais portuguesas. Os interlocutores entrevistados durante estes meses de desenvolvemento do proxecto mostraron unha grande interese polo obxectivo do proxecto, por tanto, atopamos unha concienciación favorable por parte dos alcaldes e presidentes das vilas nas que se atopan localizados os servizos propostos. Soamente co seu esforzo, liderazgo e coa disposición de recursos, poderase solucionar todas as dificultades que presenta a súa integración.

- **Complementariedade:**

Que sexan servizos que non existan na mesma zona de cooperación seleccionada xa que do contrario se restaría atractivo ao público obxectivo e rebaixaría o grao de desprazamentos.

2.1.2. Criterios endóxeos a nivel particular

Na selección tamén consideráronse os criterios endóxeos particulares dos servizos elixidos.

Características endóxeas do Cámping Municipal da Cañiza

Se falamos das características particulares que posúe o **Cámping Municipal “Carballo do Marco” da Cañiza** como criterios endóxeos sen dubida a procura dunhas instalacións de calidade pola poboación do país veciño fan do camping unha aposta segura para acadar visitas, característica que posúe sen lugar a ningunha dúbida.

Características endóxeas da Área Panorámica de Tui:

O Centro Área Panorámica de Tui é un referente no eido cultural da bisbarra. Nas súas instalación atópase o Teatro Municipal, a Radio Municipal, salas de exposicións, salas de conferencias, telecentros e unha biblioteca municipal.

A biblioteca posúe acordos establecidos con outras da zona, entre elas a Biblioteca de Valença do Minho, polo que a colaboración con entidades portuguesas non supón ningunha novidade. Segundo o persoal da biblioteca, existe unha gran cantidade de socios que son portugueses e utilizan as instalacións frecuentemente.

Características endóxeas do Centro de Deportes do Porriño:

Oferta unha gran variedade de servizos e actividades deportivas a todas as persoas que o soliciten; moitos destes usuarios son persoas que residen en Portugal e traballan nos dous polígonos industriais existentes na zona. Estas persoas aproveitan para visitar as instalacións antes de tornar aos seus fogares.

Características endóxeas do Centro de Estágios da Vila de Monçao:

O Centro de Estagio de Melgaço é un espazo pensado, deseñado e construído para ofrecer un servizo da máxima calidade con instalacións deportivas tanto para deportistas profesionais como para público en xeral.

Este complexo é un referente do deporte, lecer e turismo na rexión e sitúase como un dos máis modernos, mellor equipados e máis completos complexos deportivos.

Características endóxeas do Complexo da Piscina Municipal e Court de Tennis de Valença:

O Complexo da Piscina Municipal e Court de Tennis de Valença ofrece, grazas ás súas instalacións un servizo atractivo, excelente, un equipo de monitores competente e dedicado, de maneira que atrae a usuarios de toda a comarca. Ademais desde a Cámara Municipal confírese ao servizo un carácter social con prezos populares.

2.3. CRITERIOS EXÓXENOS

Tratase dos criterios externos que inflúen no concello e nos recursos a analizar. Por elo, diferenciaranse entre os criterios exóxeos das zonas de traballo seleccionadas

É indiscutible a existencia dunha **identidade cultural compartida** entre Galicia e Portugal. As relacións históricas entre ambas zonas deron lugar na Idade Media ao galego-portugués, falado en todo o noroeste peninsular.

Criterios exóxeos do conxunto A Cañiza, Arbo e Melgaço

Está enclavadas nun marco natural de excepción cunha acusada diversidade paisaxística que permite todo tipo de actividades turísticas e culturais. Caracterízase pola tranquila convivencia diaria e por contar cunha vía de comunicación inmejorable a través da Ponte Internacional Peso – Arbo que permiten recortar as distancias entre elas.


As **riquezas naturais e o clima morno** convértese noutro elemento estratéxico ao considerar a posibilidade de compartir algúns dos seus servizos. Son enclaves con unha grade riqueza paisaxística, ns montes de O Pedroso e A Paradanta cos seus miradoiros, o río Minho e as súas pesqueiras, os seus deportes fluviais e os paseos ó carón do río.

A **riqueza patrimonial e monumental** de Monção con pazos e casas señoriais son un estímulo suficiente para motivar o fluxo de persoas a través da Ponte Internacional Peso – Arbo cun tráfico diario de máis de 2000 vehículos.¹

Outro elemento vertebrador é a **gastronomía** local, co viño da rexión elaborado en ambos lados da fronteira e a secular pesca da lamprea que degústase na famosa Festa da Lamprea de Arbo que ten carácter de Interese Turístico.

Criterios exógenos de Tui, Porriño e Valença

A **situación xeográfica** dos concellos de Valença, Tui e O Porriño é estratéxica favorecendo as relacións transfronteirizas non só de Galicia con Portugal sino tamén de España, xa que polas dúas pontes que atravesan o río Miño circulan a diario preto de 40.000 vehículos en ambos sentidos.²



Tui e Valença, concellos fronteirizo por excelencia, mantén unhas excelentes comunicacións entre eles facilitando os intercambios sociais, culturais e comerciais entre ambos países.

Da súa banda, O Porriño a pesar de non ser un concello fronteirizo, a penas dista 20 quilómetros da fronteira portuguesa e o feito de ter dous polígonos industriais convérteo nun nexo de unión industrial e comercial con Portugal (intercambio de man de obra, materia prima e produtos e/ou servizos) o través dos cidadáns

portugueses traballando en empresas locais.

A poboación portuguesa residente nestes concellos é de 615 en Tui (o que supón o 3,55 da poboación total), e 469 en O Porriño (2,61% da poboación total)³. Esta poboación mais todos aqueles portugueses que teñan estes concellos como lugares de traballo ou os que os escollan como áreas de

¹ Fonte Observatorio Transfronteirizo España-Portugal (Informe do 20-01-2010) datos de 2008

² Fonte Observatorio Transfronteirizo España-Portugal (Informe do 20-01-2010) datos de 2008

³ Fonte: Instituto Galego de Estatística. Poboación nacida no estranxeiro segundo sexo e lugar de nacemento. Ano 2010. Dispoñible en www.ige.eu

intercambio comercial ou de lecer poderán converterse en potenciais usuarios das instalacións e dos servizos propostos.

As **riquezas naturais** destes municipios convértense noutros elementos estratéxicos ao considerar a posibilidade de compartir algúns dos seus servizos. A beira do Río Miño e o Monte Aloia de Tui (declarado Parque Natural en 1978), o Couto de Santa Ana e o Pantano de Veiga da Mira de Valença e as Gándaras de Budiño en O Porriño son os máximos expoñentes do atractivo paisaxístico destes concellos.

É indiscutible a existencia dunha **identidade cultural compartida** entre Tui e Valença do Minho e o seu antigo proxecto de Património Cultural da Humanidade, o seu patrimonio arquitectónico e cultural.

Outro factor de atracción de usuarios ás instalacións de Valença, Tui e O Porriño é sen dúbida o **Camiño de Santiago Portugués**, convertido noutro foco de atracción de portugueses e turistas doutras nacionalidades, ás terras galegas e que facilita a compartición de servizos culturais, deportivos e turísticos.

3. MISIÓN, VISIÓN E OBXECTIVOS

3.1. MISIÓN

Conseguir el intercambio de recursos e infraestructuras, así como a xestión compartida dos mesmos como un medio indispensable cara ao aproveitamento dos bens municipais, conseguindo a súa vez a integración social dos pobos fronteirizos máis irmandados ao mesmo tempo.

3.2. VISIÓN

Acadar a integración social e cultural entre pobos fronteirizos coma un feito mais que amose a sociedade en xeral, a capacidade de intercambio cultural e a de eliminación de barreiras físicas da zona de actuación dentro da sociedade globalizada na que estamos a vivir.

3.3. OBXETIVO XERAL

Desenvolver un fluxo continuo, integrado e homoxéneo na xestión de servizos colectivos cara á procura da optimización de recursos, mellora de servizos ao cidadán, incremento da calidade de vida e intercambio cultural.

3.4. OBXETIVOS ESPECÍFICOS

1. Establecer os parámetros básicos cara a elaboración de procedementos comúns de xestión na selección de recursos e infraestructuras
2. Establecer as premisas básicas para determinar o marco xurídico e normativo xeral que rexa o procedemento de uso e xestión dos recursos e infraestructuras.
3. Elaborar modelos estratéxicos cara a implantación da xestión conxunta de recursos e infraestructuras, determinando liñas e medidas esenciais coma un primeiro paso nas vías cara a xestión compartida de recursos.

4. SERVIZOS COMPARTIDOS

4.1. COOPERACIÓN A CAÑIZA - ARBO - MELGAÇO

4.1.1. MELGAÇO: Centro de Estagios

O Centro de Estágios de Melgaço é un espazo deportivo, de lecer e turístico de alto nivel. Esta situado no concello de Melgaço que pertence ao Distrito de Viana do Castelo, no extremo Norte de Portugal, en pleno Alto do Miño. A Vila de Monção abarca unha superficie de 232 Km², repartidos en 18 freguesías con cerca de 11.500 habitantes. As freguesías de Monção, caracterízanse cada unha de elas de forma individualizada, e no seu conxunto conforman un conxunto paisaxístico e rico en matices naturais.



Como características naturais do concello destaca polo Parque Nacional de Peneda – Gerês, por a zona Termal do Peso e pola práctica de deportes acuáticos e deportivos que fan do concello unha

localización perfecta cara a xestión compartida dos seus recursos.

O Complexo está ubicado na beira do Río Miño, a un 1 Km do centro da vila de Melgaço e moi ben comunicado co país veciño a través da Ponte Internacional Peso – Arbo, posicionando ao municipio a cerca de 60 Km das cidades de Ourense e Vigo pola autoestrada das Rías Baixas.



-Instalacións: As instalacións as podemos dividir en dous ámbitos ou áreas: a área de lecer e a area destinada ao deporte de alta de competición.

A área de lecer esta composta por diversos equipamentos que permiten a práctica de deporte de mantemento e equipamentos destinados a actividades lúdicas e culturais.

As instalacións polo tanto que conforman o presente centro son:

ESTADIO DE FÚTBOL	PISTA DE ATLETISMO
CAMPO DE ADESTRAMENTO	CLUB DE SAÚDE
XIMNASIO DE MANTEMENTO	SALAS DE TRATAMENTO E MASAXES
CAMPOS DE TENIS	CAMPO DE MINIGOLF
CIRCUÍTO DE MANTEMENTO	PISCINA E LAGO ARTIFICIAL
ANFITEATRO AO AIRE LIBRE	PARQUE DE MERENDAS
HOTEL DE CATRO ESTRELAS	POUSADA DE XUVENTUDE
PARQUE INFANTIL	SALA DE PRENSA

- Deporte de alta Competición

A área destinada ao deporte de alta competición esta formada por unas infraestruturas con capacidade para acoller diversas modalidades deportivas, tanto para competición como para adestramento. Esta área esta destinado exclusivamente para equipos de clubs en práctica.

Estes equipamentos están aislados do exterior, mais interrelacionados entre sí, con a finalidade de ofrecer un servizo de tranquilidade, seguridade e privacidade aos clubs profesionáis no momento do seu uso e desfrute. As instalacións destacan polo seu Campo de Fútbol no que están unificadas:



Club de Saúde

Situado no cume bancada do estadio, o Club de Saúde dispón de posto médico, despacho de nutricionismo, salas de tratamento, estética e masaxes, ximnasio de mantemento e musculación, balnearios e todos os equipamentos propios deste tipo de estrutura, tales como hidromasaxe, ducha escocesa, saunas e baños turcos, etc.

Este Club de Saúde foi pensado de forma a poder ter un funcionamento autónomo, posibilitándose no entanto a conexión aos balnearios do estadio. Fica así garantida a súa cómoda utilización pola poboación en xeral e polos atletas no estadio.

Pavillón Gimnodeportivo

Adxacente ao campo de adestramentos, o gimnodesportivo conta con bancadas con capacidade para cerca de 650 lugares sentados. Dispón de sete balnearios propios e sala de quecemento.

Está homologado polos diversos organismos das distintas modalidades indoor para competicións de carácter profesional. Ten un campo con 20 x 40 metros en chan flotante, permitindo a práctica de baloncesto, voleibol, fútbol de sala, badmington, entre outras modalidades.

Campos de Ténis e Zona Polideportiva

Consta de dos campos de tenis para a práctica deportiva dos visitantes. A zona tamén constitúe unha estrutura polivalente para realizar diversas actividades, contando con servizo de recepción e vestiarios e sanitarios.

Campo de Mini-golf

Con 18 buracos entretén e diverte a toda a familia.

Circuíto de Mantemento

O circuíto de mantemento é composto por 18 estacións, localizadas ao longo do espazo arborizado no que os deportistas poden facer distintas actividades para manter a forma.

Piscina e Lago Artificial

Este espazo de recreo acuático é composto por dúas piscinas e un lago artificial (ver peza separada nas páxinas seguintes). O lago desenvólvese coa profundidade de 1 metro.



A relación co espazo de recreo acuático establécese por unha conexión entre o caes do lago, e os accesos á zona de baños, o bar e a súa explanada. De aquí pode verse todo o recinto.

A zona de baños, considerada de recreo e diversión, divídese en dous tanques: un para adultos, con 644 m², e outra para nenos, con 50 m², totalizando 694 m² de superficie de auga, o que lle permite unha capacidade máxima instantánea de 694 usuarios.

Anfiteatro ao Aire Libre

O anfiteatro, ao ar libre, permite a realización de diversas actividades culturais, representación teatraís o musicáis.

Parque de Merendas

No parque de merendas será construído un edificio de apoio con bloques sanitarios e área de servicios, alén de toda unha gama de equipamento urbano, como mesas con bancos, entre outros.

Hotel de catro estrelas

É un hotel de catro estrelas con 43 cuartos dobres, 5 suites, 2 cuartos preparados para minusválidos, restaurante, bar, sala de estar e restantes equipamentos respectivos desta instalación.

Pousada da Xuventude

Está aprobada a construción dunha Pousada da Xuventude, con capacidade para 62 camas, entre cuartos múltiples e dobres, unha sala estar e un bar.

Sala de Prensa

O complexo dispón dunha sala de prensa, un espazo preparado con cabina de son, postos de gravación áudio e pode recibir máis de tres decenas de profesionais da comunicación social.

Sublíñese, a concluír, que o Centro de Estágios é servido, aínda e como non podería deixar de ser, por parques de estacionamento localizados estratexicamente nas zonas de maior tráfico con capacidade para acoller cerca de 300 vehículos.

Estadio de Fútbol

Constituído por un campo de fútbol céspede, coas dimensións de 107,5 x 70,5 metros. Rodeado por unha pista de atletismo, dispón dunha bancada cuberta con capacidade para 1700 lugares sentados, 252 dos cales en camarotes, instalacións para prensa, tendo os espectadores, á súa disposición, os competentes bares e instalacións sanitarias.

So esta bancada sitúanse 5 balnearios, con capacidade para 20 atletas cada, ben como máis 4 balnearios para árbitros e monitores e sala de musculación. Estes balnearios están localizados ao nivel da pista de atletismo e do campo de fútbol e en conexión con estes a través de portas.

O número e configuración destes balnearios foron pensados para unha utilización intensiva deste equipamento.

Campo de fútbol de adestramentos

Constituído por un campo con piso sintético, ten conexión subterránea aos balnearios do campo principal e súas estruturas de apoio e dispón dunha bancada descubrimento con 650 lugares sentados.

A súa gran innovación é o piso sintético, o cal permite unha utilización intensiva evitando o desgaste característico dos campos con céspede natural.

Pista de Atletismo

Pista en tartan, con 400m e oito corredores, complementada con vala de auga para obstáculos, ben como con estruturas e pistas destinadas á práctica do salto en lonxitude, triplo salto, salto con vara, salto en altura, lanzamentos do disco, martelo, peso e dardo.

É unha estrutura preparada para recibir sesións de adestramento e probas de alta competición e obedece ás máis esixentes especificacións técnicas esixidas para a práctica das distintas modalidades.

Centrándonos nos servicios dirixidos cara ao entretemento e adestramento físico deséñvesen totalas actividades.

4.1.2. A CAÑIZA: Camping Municipal “Carballo de Marco”

O cámping municipal Carballo do Marco está situado na comarca do Paradanta. Atópase a 14 quilómetros da fronteira con Portugal, a 35 min. de Vigo e a 25 min. de Ourense, dúas das cidades máis importantes de Galicia.



O cámping está situado a 600 m. de altura e atópase rodeado de vexetación autóctona característica dunha zona de media montaña que destaca pola súa biodiversidade paisaxística.

A afluencia de usuarios orixinarios de Portugal ven pola proximidade coa fronteira, así como polas características das instalacións e polo entorno natural no que se atopa. Destacar que en todo o territorio de

Minho-Lima (Territorio fronteirizo portugués) existen un total de 56 establecementos hoteleiros, cifra moi desigual con respecto á acadada na Provincia 877 establecementos. Deste xeito queda xustificada a importancia da xestión compartida do establecemento a tratar.⁴

Hai que ter en conta tamén que este é o único cámping na zona do Paradanta, onde todos os concellos son transfronteirizos (Arbo, A Cañiza e Crecente), e que o cámping máis próximo encóntrase no concello de Ponteareas.⁵

-Instalacións:

Faise una breve enumeración das instalacións do camping:

- Nº de parcelas: 67
- Nº de prazas: 217
- Nº de bungalows: 4
- Nº de prazas de bungalows: 16
- 10.000 m² de superficie salpicado de arborado caducifolio e perenne, chan de herba e próximo ó río Deva.



-Servizos:


- Accesibilidade de automóviles, autobuses, caravanas e motos.
- Auga quente nas duchas, electricidade para os usuarios.
- Subministración de auga para caravanas.
- Zonas verdes e xardíns para o recreo.
- Zona destinada a barbacoas con mesas e cadeiras de pedra.
- Bar e cafetería.
- Zona de lavandería.
- Zona de acampada libre.
- Instalacións deportivo - recreativas ao lado das instalacións do cámping:
 - Piscina.
 - Pistas de tenis.

⁴ Información extraída do Instituto Galego de Estatística e o Instituto Nacional de Estatística portugués.

⁵ Fonte: MAIV Unidade de Promoción e Desenvolvemento.

- Pavillóns deportivos.

A distribución das instalacións está representada no seguinte esquema:



- Situación actual da organización

- Temporalización: No momento actual, o camping municipal Carballo do Marco traballa exclusivamente na época estival, xa que a afluencia de usuarios é máis elevada por mor da chegada de turistas e da poboación oriunda da comarca que regresa nas vacacións ós seus lugares de orixe. É un aloxamento cómodo e económico con instalacións idóneas para o estío.

- Organigrama:


O cámping ten definido un organigrama funcional para unha organización de oito

traballadores distribuídos entre os distintos departamentos. Así existen 3 persoas dedicadas á recepción de usuarios, 2 xardineiros dedicados ó coidado das instalación e dos xardíns e piscinas, 1 vixiante de seguridade e 2 persoas dedicadas a limpeza das instalacións.

Depende directamente da alcaldía dentro do concello e de forma executiva da secretaría da alcaldía.

- Regulamentos:

O servizo está regulado polo Decreto 143/2006 (modificado por decreto 11/2007, de 10-01-2007) que recolle todas as características do servizo e a tipificación dos campamentos de turismo.



Existen disposicións adicionais no concello que son as normas de utilización do cámping aprobadas o 24 de febreiro de 2011.

Ademais tamén esta tipificado segundo normativa da Xunta a xestión de reclamacións e os modelos que débense utilizar por os demandantes perante a administración.

- Procesos Actuais Implantados

Como servizo turístico ten definidos e regulamentados procesos operativos de xestión:

- Proceso de Recepción de clientes:

O proceso de entrada e rexistro dos campistas está completamente controlado e definido, existe unha folla de inscrición onde se rexistran todos os datos de todas as persoas que acceden ás instalacións. As folas de inscrición están tipificadas segundo a normativa de Galicia.

- Proceso de limpeza e mantemento das infraestructuras:

O bo estado das instalacións e a limpeza das mesmas é un factor crave na elección dun camping. Por tanto, este proceso é estratéxico dentro da xestión do Cámping Carballo do Marco

- Procesos susceptibles de ter atribuídos indicadores:

Para o estudo do desenvolvemento da actividade do cámping, pódense utilizar os indicadores establecidos no INE para Aloxamentos en Establecementos Turísticos. Campamentos turísticos. Os datos recollidos son os seguintes:

- Número de entrada de viaxeiros segundo lugar de residencia:
 - Dentro da Unión Europea: por Comunidade Autónoma Española/ Resto de países da Unión Europea.
 - Resto de países extracomunitarios.
- Número de prazas ocupadas segundo o lugar de residencia:
 - Dentro da Unión Europea: por Comunidade Autónoma Española/ Resto de países da Unión Europea.
 - Resto de países extracomunitarios.
- Ocupación:
 - Número de parcelas ocupadas por: caravanas con aluguer de larga duración/ resto de parcelas ocupadas.
 - Número de Bungalows ocupados.

- Persoal ocupado na semana de referencia:
 - Persoal no remunerado.
 - Persoal remunerado: Fixo/Eventual.
- Prezo (en euros, sen IVE):
 - Tarifa normal: por parcela/ por adulto/ por caravana ou tenda/ coche.
 - Tarifas especiais: prezos para estancias largas.
 - Outras tarifas: Prezo do bungalow/día.

Outros datos que se poden analizar son:

- Enquisa de satisfacción sobre limpeza.
- Enquisa de satisfacción sobre servizos do cámping (dotación de prazas, estado de mantemento das mesmas, etc.)
- Media de visitas mensuais.

- Outros datos de interese:

- Conxunto histórico - monumental de A Franqueira, con dúas romarías que están declaradas pola Xunta de Galicia como Festas de Interese Turístico da Comunidade Autónoma.
- Os montes de O Pedroso e A Paradanta cós seus miradoiros e grandes zonas verdes.
- Magníficos monumentos histórico - artísticos, pazos e casas señoriais. Rotas de senderismo, con posibilidade de facerse a pé, bicicleta de montaña ou a cabalo, por toda a área.

- Actividades posibles

Diferenciamos entre as instalacións do cámping propiamente ditas:

- Piscina.
- Pavillón.
- Pistas de tenis.
- Zona de acampada.

As actividades organizadas no entorno:

- Gastronomía
 - Feira do xamón.
 - Outras feiras que se desenvolven na zona (Festa da Historia de Ribadavia...).
- Cultura e natureza:


- Romarías.
- Rutas de sendeirismo.

No caso de produtos e servizos, unicamente podemos actuar nas propias instalacións do cámping. As accións teñen que ir encamiñadas á mellora dos servizos ofertados, conseguindo subir de categoría e atraer a unha maior cantidade de público.

Se falamos das actividades que se organizan no entorno, non podemos actuar directamente neles posto que son eventos organizados por outros por outras entidades, pero o que si podemos facer é aproveitalos como reclamo turístico á hora de levar a cabo a promoción do cámping.

4.1.3. - Usuarios Potenciais


Entendese coma usuarios potenciais a poboación que podería acceder aos servizos que o cámping esta a ofrecer. No primeiro lugar consideraremos as poboación dos concellos da zona do estudo⁶:




Podemos observar que temos una poboación de preto de 20000 habitantes.

Si ampliamos a zona os concellos limítrofes de Monção, Crecente, As Neves podemos acadar un público obxectivo:

⁶ Fontes Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estadística de Portugal




De forma estratificada por idades:




E se ampliamos á provincia de Pontevedra

Poboación da provincia de Pontevedra distribuída por grandes grupos de idades, 2010




Distribución porcentual por grupos de idade da poboación de Pontevedra, 2010




En canto ao territorio Portugués limitará a súa actuación a área Norte do país, abarcando Minho – Lima, Cávado, Ave, Grande Porto, Tâmega, Entre Douro e Vouga, Douro, e Alto Tras – os – Montes⁷.

Distribución porcentual por grupos de idade da poboación do Norte de Portugal, 2010



Poboación do Norte de Portugal distribuída por grandes grupos de idade, 2010



⁷ Datos de Instituto Nacional de Estatística de Portugal

4.1.4. Targets

Os Targets é o segmento do mercado ao que está dirixido un ben, servizo ou recurso, tamén denominado mercado obxectivo.

No caso do recurso que estase a tratar diremos que o noso mercado obxectivo é a poboación nova procedente da provincia de Pontevedra e da área do Miño Lima en Portugal. Ademais tamén resulta interesante os adultos novos, probablemente con idade de ter fillos e estar xa inmersos no mercado laboral.

Ditos targets forman en total o seguinte número total de poboación:



POBOACIÓN 2010 : Mercado obxectivo

Pontevedra 15 – 24 anos	97.396 habitantes
Miño Lima 15 – 24 anos	27.513 habitantes
Pontevedra 25 – 40 anos	233.831 habitantes
Miño Lima 25 – 40 anos	56.759 habitantes

Tendo presente o mercado obxectivo estipularase ao largo do proxecto medidas concretas para conseguir captar e manter a dito público.

4.1.5. Análise DAFO.

Co obxecto de analizar a situación actual, establécese un análise DAFO desde o punto de vista socioeconómico e do proxecto (común a ambas zonas) e desde o punto de vista dos servizos elixidos.

Desde o punto de vista dos servizo elixidos:

DEBILIDADES

1. O cámping non presenta elementos diferenciais respecto a outros.
2. Apenas hai labor de mercadotecnia no camping, por exemplo, non existe unha web propia.
3. As instalacións do camping son pequenas
4. Financiación pública dos equipamentos
5. Peche das instalacións nos invernos
6. Dificultade de comunicacións con pobos limítrofes pola orografía

FORTALEZAS

1. Ampla experiencia na actividade, o cámping leva moitos anos aberto.
2. O Centro de Estagios é un referente na pretemporada de equipos profesionais
3. É un centro oficial da UEFA para a preparación de equipos profesionais
4. Amplitude e diversidade de instalacións deportivas, cunha ampla oferta destes servizos.
5. É o único cámping na zona do Paradanta, onde a maioría dos concellos son transfronteirizos.
6. Trato profesional con equipos de España e Portugal
7. Instalacións nunhas zonas naturais sobresaíntes

AMEAZAS

1. Situación económica actual, a crise fai que as persoas e quipos profesionais recorten os seus gastos en actividades de ocio e turismo.
2. Existen outros cámpings con maior oferta de servizos relativamente próximos a este.

3. O poder adquisitivo dos cidadáns está en retroceso
4. Os equipos profesionais deportivos ten dificultades económicas

OPORTUNIDADES

1. O cámping é a oferta máis económica de turismo e de pasar a noite.
2. É unha zona turística moi atractiva, sobre todo nos meses de verán debido á existencia dunha ampla variedade de oferta cultural e gastronómica.
3. A situación xeográfica tamén é propicia, debido á proximidade da fronteira.
4. Afluencia habitual de público portugués ás instalacións.
5. Proximidade de dúas das cidades máis importantes de Galicia, Ourense e Vigo, A Cañiza está na metade do camiño entre as dúas.
6. Posibilidade de gozar da natureza, hai unha ampla oferta de rutas de sendeirismo na bisbarra.
7. Incremento da promoción da cultura e do deporte por parte das autoridades

Ao analizar a información previa onde se recolle a descrición das instalacións e a súa área de actuación, discírnense os seguintes puntos fortes e vantaxes das instalacións:

- Non existencia de establecementos similares tanto na zona de Portugal e na provincia de Pontevedra.
- Existencia de importantes actividades que funcionan como reclamo turísticos (culturais, gastronómicas, recreativas, etc)
- Historicamente pobo único, irmandado non só pola lingua senón tamén pola súa cultura.
- Boa comunicación na rede vial cos importantes núcleos poboacionais o través da Ponte – Internacional Peso-Melgaço

4.2. COOPERACIÓN VALENÇA – TUI – O PORRIÑO

4.2.1. VALENÇA: Piscinas en Court de Tennis de Valença

As *Piscinas en Court de Tennis de Valença* do Minho están ubicadas na Avenida da Juventude, Zona Escolar 4930..

Desde a súa creación establecéronse como obxectivos os seguintes:

- Satisfacer as necesidades educativas e formativas da poboación do concello de Valená en especial e da restante poboación en xeral.
- Contribuír para o aumento e manutención dos índices de práctica deportiva regular e de recreo da poboación.
- Promover o recreo e a ocupación dos tempos de lecer de forma saudable e agradable
- Responder ás necesidades de mantemento e mellora dos incides de saúde da poboación, creando hábitos de práctica deportiva regular, como estilo de vida activo e saudable.
- Contribuír para a práctica deportiva especializada, aumentando o índice de práctica.



Instalacións

As instalacións do Complexo da Piscina Municipal e Pista de Tennis de Valença están constituído por unha Piscina Municipal Cuberta, que dispoñe de :

- Zona de baño constituída por un tanque principal con seis pistas, con un plano de auga de 12 m por 25 m, un tanque infantil, un tanque de iniciación, un tanque de profundidade e un jacuzzi.
- Zona de servizos anexos constituída por 2 balnearios (un masculino e un feminino, ambos con apoio aos técnicos de natación), un sanitario público, un posto de socorro, unha recadación de apoio aos servizos xerais, unha sala de arquivo e unha recepción de atención ao público.
- Zona de sauna con sala de repouso, composto aínda por dous balnearios de apoio (masculino e feminino).
- Zona de servizos técnicos de mantemento constituída por unha sala de máquinas e vestiarios de apoio aos funcionarios da instalación

- Zona de servizos técnicos constituída por sala de reunións dos técnicos de natación e gabinete de dirección.
- Zona de público constituído por una entrada, espazo polivalente, escaleira e corredoiros.
- Pistas de Tenis:
- Zona de práctica de tenis constituída por dous pistas de 22 m por 11,85 m, con pavimento sintético.

Servizos ofertados:Escola de Natación

Concibida para permitir o ensino da natación, nos diferentes estilos e técnicas, a persoas de todos os sexos e idades.. O obxectivo e ofrecer un ensino de maior calidade e adaptada ás necesidades de cada persoa usuaria subdividiu as etapas de aprendizaxe en distintos niveis. Para os menores de 15 anos temos ao dispor dos usuarios 5 niveis de aprendizaxe. Canto aos maiores de 16 anos, temos á disposición dos seus usuarios 3 niveis.

Hidroximnasia

A hidroximnasia é unha actividade para a boa condición física, melloría das capacidades de coordinación, resistencia e flexibilidade, así como, do aparello cardiovascular. Destacar , a sensación relaxante que está aliada á actividade, debido ao efecto de masaxe que a auga provoca coa axuda do ritmo da música. Así, podemos ter unha clase divertida, onde ocorren momentos de intensidade física e momentos relaxantes. Esta actividade destínase a todas as persoas.

Hidropower

É unha clase realizada para alumnado de grado avanzado (Hidroximnasia), onde hai un forte traballo muscular e de resistencia. Utiliza movementos que provocan un maior arrastre dentro da auga e,

utiliza coreografías máis elaboradas. Bo para definir e tonificar o corpo. A pesar de ser unha actividade aberta a todos os interesados, esta actividade ten como público a poboación de idades entre os 16 e 45 anos.

Hidrostep

Consiste na adaptación dunha clase de Step clásica feita en sala, co uso dun step apropiado á auga. A parte aeróbica é resaltada, con exercicios coreográficos. É unha forma de adestramento cardiovascular motivante. Utiliza unha plataforma axustable, similar a un banzo, o cal é utilizado para subir e descender ao son da música, de acordo cunha coreografía. A pesar de estar aberta a todos os interesados, a actividade ten como público á poboación de idades entre os 16 e 45 anos.

Hidrobike express

O Hidrobike Express é unha actividade física desenvolvida con axuda dunha bicicleta que está adaptada para funcionar na auga. É unha actividade extremadamente agradable a través da cal se pode adquirir unha boa condición física, resistencia e flexibilidade, así como, mellora do aparello cardiovascular. É moi popular nos ximnasios, esta actividade atraerá, sen dúbida, a atención das persoas máis indiferentes ás actividades acuáticas. A palabra Express xustifícase polo tempo de clase reducido (35 minutos), mais, bastante intensa.

Hidropower deep water

O HidroPower Deep Water é unha actividade similar ao HidroPower convencional, variando no local de realización da clase. Esta clase é realizada no tanque principal da piscina, na zona de maior profundidade, o que, por si só, leva con seu un maior impacto muscular aos practicantes, polo permanente traballo de resistencia á auga.

Non obstante, esta resistencia é suavizada pola utilización de cintos flotantes. Pola súa alta intensidade, esta clase terá unha duración de só 35 minutos

Natación

O Nado Libre é un servizo da Piscina Municipal aberto a todos as persoas usuarias de todas as idades, libre de horarios fixos, e que permite a práctica da natación e/ou a práctica de distintas actividades acuáticas (sen a supervisión dun monitor).

Sauna

Sauna é unha sala ou casa cun ambiente moi quente, podendo ter un baño de vapor (sauna húmida) ou ser unha sauna seca (que utiliza pedras ou outro material que é quecido, sen liberar vapor). É frecuente que á permanencia na sauna se siga un baño ou chorro de auga fría, para liberación de toxinas expelidas coa suor, e unha masaxe.

Hidroterapia

A auga é, por natureza, factor de relaxamento, o que a torna esencial para un eficiente traballo a nivel muscular e óseo. Así, a HidroTerapia consiste en utilizar os principios físicos da auga, como forma de tratamento das varias patoloxías de foro reumatolóxico, neurolóxico e ortopédico. Esta actividade destínase a persoas usuarias que estean en fase de rehabilitación, permitíndolle usufrutuar de todas as vantaxes do medio acuático no tratamento da súa patoloxía.

Tenis

O Tenis é un servizo da Piscina Municipal de Valença aberto a todas as idades, libre de horarios fixos, e que permite a práctica do tenis (sen a supervisión dun monitor).


4.2.2. TUI: Área de Panorámica Tui

Situada na rúa Colón nº2 o edificio Área Panorámica de Tui é un dos maiores reclamos culturais que se atopan na vila de Tui.

-Instalacións:

- Teatro
- Radio Municipal
- Salas de Exposición
- Multisalas para actividades
- Biblioteca: Superficie de 400m² dividida en tres seccións diferentes: hemeroteca, Sala Infantil e Sala de adultos.
- Fondo catalogado de 38000 exemplares de libros e DVD's.
- Equipos informáticos de acceso público.
- Mobiliario para 90 postos de lectura.
- Wifi.



**-Servizos:**

- Escenificación de obras de teatro
- Salas Multiusos para reunións, conferencias, charlas, asembleas... de confederacións de empresarios, asociacións, congresos, xuntas de veciños,...
- Emisión de programas de radio
- Exposicións organizadas polo Concello
- Exposicións itinerantes
- Exposicións particulares
- Disposición e préstamo de libros, revistas, prensa e películas / documentais.
- Disposición de ordenadores para uso de internet e ofimática. Servizo wifi.
- Intercambio de fondos bibliográficos con outras bibliotecas, entre outras a de Valença do Minho.
- Actividades de fomento da lectura e contacontos.
- Existencia dun club de lectura para adultos.
- Presentación de libros editados na bisbarra.
- Organización de actividades lúdicas e formativas para escolares no fomento da lectura.
- Organización de visitas pola biblioteca, posto que se encontra situada nun edificio con moita historia.
- Apertura recente dunha sección dedicada ós cómics.
- Posibilidade de realización de diferentes trámites vía web; algúns destes trámites son:
 - Solicitud do carné da biblioteca.
 - Reserva de instalacións da biblioteca: salón de actos, sala de exposicións, sala de ordenadores, así como outros espazos que se poden reservar para todo tipo de actividades de interese social e cultural.



- Solicitud de visitas en grupo.
- Venda de billetes e entradas para os diferentes actos que se realizan no espazo da biblioteca.
- Catálogo on-line para consulta dos fondos bibliográficos.
- Reserva de fondos da biblioteca.

Situación actual da organización

- Organigrama: No momento actual, o edificio está dirixido por persoal técnico da concellería de cultura e como tal depende directamente do concelleiro.

- Regulamentos:

Os servizos ofrecidos non están regulados sendo xestionados directamente polo persoal técnico ó través de solicitudes o concello.

Teñen tipificado, segundo normativa da Xunta, a xestión de reclamacións e os modelos que débense utilizar por os demandantes perante a administración.

-Procesos susceptibles de ter atribuídos indicadores:

- Alta de usuarios.
- Empréstito e devolución de exemplares.
- Mantemento de equipos informáticos.
- Mantemento da páxina web.
- Xestión de fondos bibliográficos, documentais e audiovisuais.
- Intercambio de material bibliográfico con outros centros.
- Organización de actividades lúdicas e formativas.
- Limpeza e mantemento doutras zonas de uso compartido (lavabos).
- Xestión das queixas e reclamacións.

-Outros datos de interese:

- a) A concesión por quinto ano consecutivo dun dos Premios “María Moliner” convocados polo Ministerio de Cultura, a Federación Española de Municipios e Provincias e a Fundación “Coca-Cola” no apartado “labor bibliotecaria”.

- b) Celebración de actividades de extensión bibliotecaria desenvolvidas ao longo do ano en colaboración co concello, un total de 23 ao longo do ano 2010.
- c) Mellora do fondo bibliográfico que ten contribuído ao incremento dos préstamos a domicilio.

-Servizos compartibles:

As instalacións ofertadas de cara a xestión compartida de recursos son:

- ✓ Biblioteca Municipal
 - A Biblioteca de 400m², con 90 postos de lectura e 38.000 exemplares ofrece servizos de préstamo, hemeroteca, ordenadores/wifi/internet, intercambio de fondos bibliográficos con outras bibliotecas, clubs de lectura, actividades de contacontos, presentacións de libros, organización de actividades lúdicas e escolares e comiteca. Por suposto, a través da páxina web da entidade pódense realizar tódolos trámites necesarios para facer uso dos servizos.
- ✓ Sala de Exposicións
 - 272 m² dotados de iluminación e acústica axeitadas para a exposición, tanto de pintura, escritura ou audiovisual.
- ✓ Teatro
 - Con aforo de 554 prazas e dotado con medios e equipos necesarios para calquera tipo de espectáculos: actuacións teatraís, musicáis, cinema, etc.
- ✓ Telecentro
 - 20 postos informáticos, 1 posto de profesor, impresora láser a color, proxector e pantalla de plasma, para facer todo tipo de actividades formativas en torno as novas tecnoloxías.
- ✓ Salón de Actos (Fundación Félix Rodríguez): presentacións, actos públicos e privados, etc.

Ademais de todos estes servizos é moi interesante subliñar a oferta cultural do entorno da cidade de Tui, xa que convértese nun reclamo máis e nunha oportunidade de crecemento para o proxecto.

- Camiño de Santiago: esta tradición secular de peregrinación atrae a milleiros de persoas de toda Europa cara a cidade de Santiago de Compostela, onde vénrase ao apóstolo Santiago o Maior. O Camiño Portugués en Galicia transcorre por Tui e o Porriño, con tramos de dificultade baixa.
- A Catedral de Santa María de Tui: a catedral situada no centro histórico é o monumento máis representativo de Tui, construído entre os séculos XII e XIII fusiona estilos románicos e góticos.

- Centro histórico de Tui: a cidade foi praza importante xa dende a época romana e o centro histórico conserva monumentos de gran valor como poden ser os restos da muralla, a catedral fortificada, o túnel das Clarisas, a capela de Misericordia, o antigo hospital de pobres e peregrinos e o mosteiro de San Domingos.
- Romarías gastronómicas do Baixo Miño: integrado polos municipios de O Rosal, a Guarda, Tomiño e Tui, é mostra da riqueza gastronómica da zona con celebracións como a festa do viño, da zorza, da langosta, do peixe espada ou da ourella.

4.2.3. O PORRIÑO: Centro de Deportes de O Porriño

O Centro Polideportivo Municipal de O Porriño está formado por dúas pistas polideportivas que se completan ofrecendo así unha gran oferta de servizos deportivos diferentes. Aparte dos dous pavillóns o complexo consta tamén cunha piscina de 25x12,5 m.

Segundo os datos da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para o ano 2005, o concello de O Porriño é o segundo entre os concellos incluídos na MAIV⁸ (algúns deles transfronteirizos) en número de instalacións deportivas soamente por



detrás da cidade de Vigo. Entre a súa oferta, cómpre destacar a existencia de dous pavillóns polideportivos, 23 pistas polideportivas, 10 campos de fútbol, 1 pista de tenis, 2 piscinas, 2 ximnasios e outras instalacións coma rocódromo, velódromo, campo de tiro...

-Instalacións:

- Pista polideportiva nº 1.
 - Superficie de 1280,81 m².
 - Pavimento de madeira de pradairo canadense.
 - Cumprimento das condicións D.I.N. e normativa FIBA.

⁸ Maiv: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.

- Dependencias:
 - Unha sala de quecemento e musculación.
 - Seis vestiarios para grupos de 25 persoas.
 - Tres vestiarios para monitores e árbitros.
 - Unha sala de vídeo.
 - Unha caixa de primeiros auxilios.
- Pista polideportiva nº 2:
 - Superficie de 1320,81 m².
 - Pista de parqué industrial, preparada para o cumprimento das condicións D.I.N.
 - Dependencias:
 - Sala de musculación.
 - Catro vestiarios para grupos de 25 persoas.
 - Dous vestiarios para monitores e árbitros.
 - Unha caixa de primeiros auxilios.
 - Un rocódromo.

- Piscina municipal



- Un vaso de 25 m * 12,5 m.
- Un vaso recreativo de 0,85m.
- Dúas saunas para seis persoas cada unha.
- Catro vestiarios con capacidade para 25 persoas.
- Tres vestiarios para monitores.
- Aseos para minusválidos, aseos

para o público en xeral, sala de xuntas, enfermería, sala de socorristas, almacén de material e cuarto da limpeza.

-Servizos:

- Pavillóns
 - Escola de Baloncesto.
 - Escola de Balonmán.

- Escola de Ximnasia Rítmica.



- Escola de Patinaxe.
- Escola de Ximnasia de Mantemento.
- Escola de Aerobic.
- Escola de Kung Fu.
- Piscina
- Cursiños de natación: bebés, infantil, adultos, 3ª Idade, Acuaerobic.
- Natación por libre.

- Organización

As instalacións e servizos ofertados de cara a xestión compartida de recursos son:

✓ 2 pavillóns

- Escola de Baloncesto.
- Escola de Balonmán.
- Escola de Ximnasia Rítmica.
- Escola de Patinaxe.
- Escola de Ximnasia de Mantemento.
- Escola de Aerobic.
- Escola de Kung Fu.
- Escola de Tai-Chi
- Escola de Hockey Patines.



✓ 2 pistas polideportivas

✓ 1 piscina de 25x12,5m2

- Cursiños de natación: bebés, infantil, adultos, 3ª Idade, Acuaerobic.
- Natación por libre.

✓ 2 saunas

✓ Sala de musculación


✓ Rocódromo

✓ 4 vestuarios para grupos de 25 persoas


4.2.4.- Usuarios Potenciais

Entendese coma mercado potencial a poboación que podería acceder aos servizos que o cámping esta a ofrecer. Neste senso distinguimos entre a poboación propia de Galicia e a de Portugal.


Nos cocellos do estudo:




Se ampliamos aos diferentes concellos da zona:



É estratificando:




De forma que acumulando na zona temos un mercao potencial de:




No ámbito territorial de Galicia, limitarase a poboación propia de Pontevedra onde a distribución da mesma é a seguinte:

Poboación da provincia de Pontevedra distribuída por grandes grupos de idades, 2010




Distribución porcentual por grupos de idade da poboación de Pontevedra, 2010




En canto ao territorio Portugués limitará a súa actuación a área Norte do país, abarcando Minho – Lima, Cávado, Ave, Grande Porto, Tâmega, Entre Douro e Vouga, Douro, e Alto Tras – os – Montes.

Distribución porcentual por grupos de idade da poboación do Norte de Portugal, 2010



Poboación do Norte de Portugal distribuída por grandes grupos de idade, 2010




4.2.5. Targets

Os Targets é o segmento do mercado ao que está dirixido un ben, servizo ou recurso, tamén denominado mercado obxectivo.

No caso dos recursos que estanse a tratar, diremos que o noso mercado obxectivo é un importante grupo poboacional. Para determinar en función dos recursos e infraestruturas o mercado obxectivo explicitaremos en función de a Biblioteca ou o Pavillón Deportivo cada un dos seus colectivos:

POBOACIÓN 2010 : Mercado obxectivo

Área de Panorámica Tui



Pontevedra	Entre 15 e 19 anos	44.977 habitantes
	Entre 20 e 29 anos	120.144 habitantes
	Entre 30 e 49 anos	311.746 habitantes
	Mais de 50 anos	361.819 habitantes
Miño Lima	Entre 15 e 19 anos	12.710 habitantes
	Entre 20 e 29 anos	33.369 habitantes
	Entre 30 e 49 anos	72.560 habitantes
	Mais de 50 anos	98.463 habitantes

Tendo presente o mercado obxectivo estipularase ao largo do proxecto medidas concretas para conseguir captar e manter a dito público.

4.2.6.. Análise DAFO.

Co obxecto de analizar a situación actual, establécese un análise DAFO desde o punto de vista socioeconómico e do proxecto (común a ambas zonas) e desde o punto de vista dos servizos elixidos.

DEBILIDADES

1. Recursos administrativos non adaptados as necesidades do público portugués
2. Marketing escaso. Só na área de influencia
3. Non contan con páxina nin servizos web

FORTALEZAS

1. Calidade e variedade dos servizos ofertados
2. Precio Social dos servizos da piscina
3. Capacidade e calidade das instalacións
4. Experiencia dos RRHH
5. Ubicacións dos servizos no centros das localidades
6. Volume bibliográfico
7. Variedade na oferta de servizos

AMEAZAS

1. Sistema de xestión compartido con complexidade
2. Necesidade de Transporte
3. Cuota de mercado
4. Situación climatolóxica da zona
5. Servizos privados de deportes

OPORTUNIDADES

1. Situación xeográfica transfronteriza
2. Tui como zona de tránsito do Camiño Portugués cara Santiago
3. Afluencia habitual de público portugués á comarca
4. Crecemento do uso de internet
5. Proxecto de cooperación transfronteiriza

Observando o análise DAFO das Instalacións, cabe salientar a importancia que ten o complexo no eido cultural galego. Cunha situación xeográfica privilexiada dentro do Camiño Portugués cara Santiago de Compostela, convértese nun reclamo cultural de importancia por tratarse dun patrimonio histórico a conservar.

A variedade e calidade dos servizos da instalación (biblioteca, sala de exposicións, teatro...) complementan a oferta cultural, sen deixar de lado ningunha das artes, permitindo promover actividades de gran interese tanto para o público español como portugués.

Doutra banda a experiencia e a capacidade da entidade permitiron consolidar convenios de colaboración con outras bibliotecas da zona e, inclusive, de Portugal, destacando a Biblioteca de Valença do Minho.

Para acadar con éxito o proceso de xestión compartida haberá que coidar con especial atención a adaptación dos recursos humanos e administrativos, co obxecto de facilitar e facer máis atraínte a

oferta aos usuarios portugueses, aínda que grazas a ferramentas como Internet e á colaboración dos responsables do proxecto, isto non suporá graves inconvenientes para o devir do mesmo

4.3. DAFO XERAL DO PROXECTO

Nos apartado anteriores fixemos una descripción dos servizos e o seu análise DAFO referido as infraestructras, neste apartado faremos un análise DAFO das instalacións, servizos e situación socioeconómica en relación o proxecto de coperación transfronteiriza que estamos a estudar.

DEBILIDADES

1. Non existen procesos de organización/xestión conxunta
2. Concellos coa poboación moi dispersa e envellecida
3. Forte dependencia da administración nas rentas dos cidadans dos concellos e cámaras
4. RRHH non adaptados ás necesidades do público portugués
5. Pouca implantación das novas tecnolxías nas zonas rurais do estudo
6. Igualmente pouca infraestructura industrial el económica.
7. Deficientes servizos públicos de transporte transfronteirizo

FORTALEZAS

1. Boas infraestructuras de estradas e autoestradas
2. Afinidade linguística, económica e social
3. Atractivo, capacidade e calidade das instalacións propostas para a cooperación
4. Experiencia dos RRHH na atención ó públicas das dúas fronteiras.
5. Servizo Público (Prezos baixos e competitivos)
6. Existencia de programas europeos e nacionais e diversas institucións que promoven a cooperación transfronteiriza
7. Existencia de iniciativas deportivas, culturais e turísticas de ambito transfronteirizo

AMEAZAS

1. Situación económica de crise en ambos países
2. Incertidumbre no éxito da xestión compartida
3. Necesidade de Transporte
4. Proceso de cambio para a organización/xestión conxunta
5. Finalización das subvencións europea
6. Disminución das poboacións dos concellos do estudo
7. Nivel de competencia e formación das persoas
8. Difícil integración de usuarios españois e portugueses en certas actividades do centro polideportivo
9. Aumento da taxa de desemprego.

OPORTUNIDADES

1. Exemplos locais de éxito de outros proxectos similares como Verín-Chaves
2. Formar parte do MAIV
3. Tránsito do Camiño Portugués cara Santiago
4. Posibilidade de creación de infraestruturas loxísticas de viaxeiros entre concellos transfroteirizos
5. Novas tecnoloxías: oportunidades de acceso á información e servizos
6. Entorno natural e cultural.
7. Afluencia habitual de público portugués na zona (sobre todo traballadores)
8. Crecemento do uso de internet (capacidade de marketing máis sinxelo)
9. Integración/Enriquecemento cultural entre as persoas
10. Existencia do AECT como motor das iniciativas transfroteirizas

O análise DAFO pon de manifesto que tanto a calidade e a variedade dos servizos e instalacións do son o reclamo fundamental e os puntos fortes do proxecto.

5.- ORGANISMOS XESTORES INFLUINTES.

5.1. AECT

Segundo o artigo de Susana Beltrán titulado *“La cooperación transfronteriza e internacional: Un clásico renovado”* AECT é:

“Un organismo dotado de personalidad jurídica cuyos integrantes pueden ser Europeos miembros, autoridades regionales, autoridades locales, organismos regidos por el derecho público y asociaciones formadas por organismos pertenecientes a una o varias de las categorías señaladas, con el objetivo de fomentar la cooperación territorial, que comprende la transfronteriza, transnacional e interregional (art 1-3).”

Segundo a presente autora, a incorporación das AECT na Unión Europea suporá a chegada dunha nova e interesante ferramenta cara a cooperación transfronteiriza e interterritorial desenvolta polas Comunidades Autónomas. Susana Beltrán, dálle especial relevancia a o feito de que supón un salto cualitativo na creación de organismos de cooperación entre entidades territoriais de moi diversa índole, e despexan calquera dúbida que podería xurdir en relación a súa natureza xurídica que en ningún caso estará rexido polo dereito comunitario.

As funcións da AECT segundo o art. 7 do Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de Xuño de 2006 sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial , *“se limitarán principalmente a la ejecución de los programas o proyectos de cooperación territorial cofinanciados por la Comunidad, en particular, con cargo al Fondo Europeo o/y el Fondo de Cohesión”*.

Na zona de traballo na que estase a desenvolver a presente actividade, o creación da Agrupación Europea de Cooperación Territorial – Galicia-Norte de Portugal (GNP – AECT), ten o seu primeiro avance o 31 de Outubro de 1991 cando se creou a Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, baixo o amparo do Convenio Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteirizo entre Comunidades e Autoridades Territoriais do Consello de Europa de 1980.

O verdadeiros protagonistas dos feitos, foron a Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional da Região Norte de Portugal (CCDR-N), xa que foron os impulsores do presente proceso aproveitando a relación existente entre ambas rexións, as súas similitudes e a progresiva proxección comunitaria concedida polas políticas de desenvolvemento rexional.

O seguinte paso histórico viño no 2008 (22 de Setembro) cando se firmou en Santiago de Compostela entre a Xunta de Galicia e a Coordenação e Desenvolvemento Regional da Região Norte de Portugal (CCDR-N) o Convenio de Cooperación Territorial Europeo, a través do cal se constituiría a GNP - AECT en base ao regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de Xuño de 2006, o cal tiña como obxectivo facilitar e fomentar a Cooperación Territorial entre Galicia e o Norte de Portugal.

A formalización de dita agrupación, viño dada o 18 de Febreiro de 2010 coa toma de posesión dos Órganos Directivos. Entrou en funcionamento o 1 de Marzo de 2010.

Como obxectivo específico do GNP - AECT é colaborar coa Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal e coas entidades rexionais e locais relevantes, na implementación dos obxectivos finais do Plan de Cooperación.

Para acadar dito obxectivo levará a cabo as seguintes actividades:

- A promoción das relacións transfronteirizas como instrumento fundamental de transformación dos territorios da fronteira nos novos espazos de desenvolvemento.
- A valorización e fomento da competitividade do tecido empresarial da Eurorexión a través do coñecemento e da innovación.
- A conversión da Eurorexión nun territorio máis atractivo, impulsando os sistemas básicos de transporte e accesibilidade e reforzando as sinerxias entre crecemento e desenvolvemento sostible.
- O aumento da cohesión social e institucional da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal.
- Será tamén obxectivo específico de GNP - AECT o salientado no artigo 1.2 do Regl. AECT, así como todos aqueles temas que interesen á cooperación transfronteiriza e interrexional , respectando o ámbito competencial interno de cada membro de GNP, AECT.
- Son ademais atribucións de GNP - AECT a execución e xestión de contratos e convenios celebrados no ámbito da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal e o desenvolvemento de todas as accións que lle permitan beneficiarse dos instrumentos financeiros adoptados o previstos polo Reino de España e a República Portuguesa, con o seu financiamento comunitaria.

Son ademais atribucións de GNP - AECT a execución e xestión de contratos e convenios celebrados no ámbito da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal e o desenvolvemento de todas as

accións que lle permitan beneficiarse dos instrumentos financeiros adoptados o previsto polo Reino de España e a República Portuguesa, con o seu financiamento comunitario.

Ademais e tal e como sinala dita Resolución:

“Las actividades a desarrollar por la GNP - AECT incluyen la realización de obras públicas, la gestión común de equipamientos y la explotación de servicios de interés general que se instituyan como consecuencia de su funcionamiento , sea directamente por sus propios medios, sea con recurso a los medios disponibles por la Xunta de Galicia y por la CCDR-N, sea incluso a través de su licitación y contratación.”

Por outra banda e tomando a súa web coma referencia, a misión do GNP - AECT é facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os membros, a Xunta de Galicia e a CCDR- N, superando as expectativas en diferentes niveis, onde o seu principal preocupación é a de desenvolver e promocionar colaboracións, creando así vínculos de unión en diferentes áreas de actuación.

Es así coma conseguirá promover e valorizar a competitividade do tecido empresarial a través do coñecemento e a innovación , potenciar e racionalizar os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión. A súa maior expectativa é a de promover intereses e obxectivos común que creen maior valor do esperado individualmente polos seus membros.

En definitiva, pódese concluír dicindo que GNP-AECT é un organismo de especial relevancia cara a supervisión dos presentes proxectos e como un alicerce común, servindo de apoio, coordinación e reforzo das actividades a desenvolver polas administracións locais dunha e outra beira da fronteira Galaico – Portuguesa. Dita actividade vese recollida no exposto ata o momento, e polo tanto, debe de ser un referente a hora de desenvolver propostas no presente proxecto xa que nel descansará parte de xestión, coordinación e responsabilidade das posibles actuacións a desenvolver cara a xestión compartida de recursos.

5.2. Concellos

Non existe na normativa básica de réxime local, unha norma que regule expresamente a cooperación das Entidades Locais con autoridades ou entidades territoriais doutros estados. A única referencia atopada está Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, para a modernización do goberno local.

Nesta Lei 57/2003 podemos atopar no Preámbulo, que se incorpora a Lexislación Básica de Réxime Local (LBRL) os consorcios transfronteirizos, como mecanismo asociativo que pode utilizarse nunha actividade de crecente importancia como é a cooperación transfronteiriza das nosas entidades locais.

Esta Lei, modificou o artigo 87 da LBRL, engadindo un novo apartado segundo no que se recolle expresamente:

"Os consorcios poderán utilizarse para a xestión dos servizos públicos locais, no marco dos convenios de cooperación transfronteiriza en que participen as entidades locais españolas, e de acordo coas previsións dos convenios internacionais ratificados por España na materia".

Do mesmo xeito, non hai definido na normativa de réxime local actual, norma que determine expresamente que órgano que ten atribuídas as competencias para acordar ou subscribir convenios de cooperación transfronteiriza na Administración Local, é dicir, nin o Alcalde para os concellos, nin o Presidente da Deputación para as provincias, nin o Pleno da Entidade Local respectiva existe unha atribución expresa en ambos os casos, para a firma de convenios de cooperación transfronteiriza.

Por tanto, na ausencia de regulamento, os Alcaldes dos concellos, segundo a Lexislación Básica de Réxime Local terán a facultade de asinar ditos acordos e colaboración en virtude lo artigo 21.s da Lexislación Básica de Réxime Local.

6.- A XESTIÓN COMPARTIDA: Actuacións a desenvolver

6.1. Introducción

A xestión compartida é o fin derradeiro a acadar nun futuro. Dita actividade levaría consigo o desenvolvemento dunha serie de accións que facilitarían a súa consecución. Ditas accións poden ser desenvoltas en diferentes períodos temporais que no presente proxecto, nos determinamos como a curto prazo, a medio prazo e a longo prazo, xa que lograr a súa consecución leva con seu acadar logros esenciais que permiten pouco a pouco o fluxo poboacional transfronteirizo.

Para acadar ditas metas, deberemos de falar en cada un dos períodos de traballo de grupos de actuacións a desenvolver enmarcados nas seguintes temáticas:

- Organismos xestores
- Aspectos organizativos
- Aspectos financeiros
- Aspectos de marketing

Será así como pretendese dar unha perspectiva fortalecida por grandes alicerces temáticos agrupados temporalmente no momento de actuación que ocupan. Intentarase explicar tanto a curto, coma a medio e longo prazo que pasos desenvolver para partir dunha xestión compartida puntual dos recursos seleccionados a unha xestión global entre pobos que permita o desenvolvemento dunha área de actuación transfronteiriza que actuará coma referente a nivel europeo.

Na actualidade se falamos dun referente excepcional é a Eurocidade entre Chaves – Verín xa que a partir do 2007 coa entrada de Verín ao Eixo Atlántico conseguiu un importante paso cara a xestión compartida de recursos. A Eurocidade desenvolveu un precedente excepcional sobre o que o noso proxecto pretende evolucionar e desenvolver un pouco mais as actuacións a levar a cabo. Esa á a razón fundamental pola que establecese estes períodos temporais especificados a continuación, coma unha primeira organización cara a xestión compartida de recursos e infraestruturas que sinteticen deste xeito o respirar e o latexar dun complexo proxecto como o que se elaborou ata a presente data.

Por tanto, a continuación expóranse en tres períodos temporais a distintas actuacións a levar a cabo cara a xestión compartida dos recursos seleccionados nas áreas de actuación especificadas con anterioridade.

6.2. Modelos da xestión compartida

Do estudo de proxectos transfroteirizos atopados en Europa se definieron varios modelos imperantes en función do alcance e profundidade que se queira implantar na compartición de servizos.

De acordo co Tratado de Valencia que regula xuridicamente a cooperación transfronteiriza entre instancias territoriais portuguesas e entidades territoriais españolas no ámbito das súas competencias respectivas, podemos crear dous modelos de xestión, un a curto prazo menos ambicioso coa firma de protocolos entre concellos e outro a medio prazo que si é realmente unha compartición efectiva de infraestruturas e servizos. Neste caso falaríamos da creación dun consorcio.

Desenvolvemos no seguinte punto ambas cuestións:

7. A XESTIÓN COMPARTIDA A CORTO PRAZO

A presente limitación temporal abarca o desenvolvemento de actuacións a moi curto tempo, factibles no tempo e na súa consecución e que propiciarían a xestión compartida dun modo global na área de actuación.

No presente punto abarcaremos o procedemento a seguir para levar a cabo dita xestión e o que súa xestión financeira levarían consigo, as accións a executar a curto prazo no campo do marketing e na organización.

7.1. Descrición de acordos existentes e prantexamentos dos novos

Un primeiro paso marcado cara a xestión compartida sen dúbida é comezar co establecemento de acordos ou convenios transfronteirizos entre as distintas administracións locais encargadas da xestión individual de recursos e infraestruturas. A razón pola que nos decantamos polo presente sistema nunha primeira instancia vai encamiñado en aspectos fundamentados no puntos fortes de dito sistema.

O desenvolvemento de acordos entre as administracións locais transfronteirizas teñen como PUNTOS FUERTES os seguintes:

- Desenvolvemento dun traballo conxunto entre os distintos organismo evitando o desenvolvemento de novas estruturas.
- Recorte económico ao xuntar intereses e traballos conxuntos
- Experiencia previas frutíferas entre as administracións vinculadas
- Ao asumir menor risco económico o grao do éxito pode chegar a ser notablemente superior.
- Sentar precedente na xestión compartida baseada en acordos entre administracións públicas.

Coma xa mencionamos son varias a experiencias desenvoltas con anterioridade en base aos acordos transfronteirizos entre as distintas organizacións públicas do territorio. Destacar entre os acordos realizados previamente os desenvoltos dentro do proxecto COFROEM SPE1. E42/02 realizado dentro do subprograma GALICIA – NORTE DE PORTUGAL (INTERREG IIIA).

Dito proxecto levouse a cabo entre o 2005 e o 2007 e entre as actividades desenvoltas destaca o deseño e execución dun programa transfronteirizo de impulso dos recursos materiais e humanos a disposición dos servizos urbanos de Emerxencia e Salvamento das zonas implicadas, que atende a obxectivos de racionalidade e efectividade na prestación deste tipo de servizo básico para a

poboación, en relación á protección da vida e integridade física, así como dos bens de persoas e institucións, a través da dotación de infraestruturas, equipamento e aplicacións técnicas específicas para a execución do servizo e da articulación de contidos e instrumentos de formación como garantía de profesionalidade e experiencia técnica do seu persoal.

Así as actividades previstas consistiron nas seguintes:

- Creación dunha Oficina de Coordinación que facilite a implementación global do proxecto a ambos os dous lados da fronteira:
- Informe de análise de situación e detección de necesidades e áreas de mellora nas zonas transfronteirizas, de modo que se poidan articular accións conducentes á mellora dos problemas detectados en materia de emerxencias.
- Dotación de equipamento específico de emerxencias e salvamento, que foi o resultado das necesidades advertidas no informe de situación e detección de necesidades e áreas de melloras, e que consistiu na construción de parques comarcais contraincendios e de salvamento no Sur de Galicia, así como dotación de vehículos e material de emerxencia, nos parques de bombeiros do Norte de Portugal, e o desenvolvemento e a implantación dunha aplicación informática de xestión de emerxencias de carácter transfronteirizo que proporciona unha maior coordinación e operatividade dos medios existentes na área de actuación ao ofrecer a posibilidade dunha xestión conxunta de recursos, esta aplicación informática é un elemento novo pois conecta en tempo real aos servizos de emerxencia de ambos os lados da fronteira, así mesmo tamén se realizou unha dotación racional de elementos de comunicación e medios informáticos que demandaban os parques de bombeiros
- Formación integral en materia de emerxencias, que se realizou seguindo as recomendacións do informe de situación, e que consistiron na formación xeral e específica en materia de emerxencias, tendo en conta as necesidades individualizadas de cada parque de bombeiros e as comúns na peculiar situación da xestión de emerxencias no territorio que comprenderon as actuacións do proxecto, con especial incidencia na xestión das emerxencias mediante a aplicación das novas tecnoloxías, con cursos, xornadas de formación e simulacros conxuntos de xestión de emerxencias en zonas transfronteirizas, con especial incidencia na aplicación das novas tecnoloxías á xestión das emerxencias.

- Avaliación de resultados e revisión, actividade realizada no final do proxecto e que consisten na realización dun Informe Final das actividades do proxecto e da situación anterior e posterior a leste.

A avaliación final do proxecto foi caracterizada coma moi positiva debido a o seu carácter innovador como pola consecución dos obxectivos previstos, e incluso a súa mellora. O seu cumprimento foi superior ao 98%, lo que considerando o proxecto realizado es significativo, ademais da mellora na cobertura da xestión das emerxencias, pois nalgún caso se pasa de non ter practicamente recursos a estar perfectamente cubertas esas necesidades e de forma racional ao xestionar de forma conxunta todos os recursos dispoñibles mediante formación conxunta e a utilización das NTICS.

Tendo presente a experiencia marcada polo proxecto explicado con anterioridade, sen dúbida o que prantesamos é o desenvolvemento de acordos ou convenios transfronteirizos entre as administracións públicas fronteirizas. Deste xeito, coma no presente proxecto o que se reflicten a modo de proba piloto son dúas áreas de actuación:

1. COOPERACIÓN A CAÑIZA – ARBO - MELGAÇO
2. COOPERACIÓN VALENÇA – TUI – O PORRIÑO

Como todo proxecto debemos establecer as etapas adecuadas para alcanzar os obxectivos. Así neste tipo de cooperación estableceranse as seguintes fases::

1ª Fase: os Concellos e as Cámaras establecen un protocolo de cooperación.

Temos que considerar para esta fase o Tratado de Valencia e lexislación de cada un dos países.

Sería conveniente a realización dun acordo ou convenio para cada unha destas áreas. A realización do convenio desenvolverase tendo os parámetros marcados polo Convenio Marco Europeo del 21 de Maio sobre Cooperación Transfronteiriza e Real Decreto 1317/1997 , de 1 de Agosto, sobre comunicación previa a la Administración General del Estado y publicación oficial dos convenios de cooperación transfronteiriza de Comunidades Autónomas e entidades locais con entidades territoriais estranxeiras.

Son moitos os convenios desenvoltos en base o presente Convenio e a Resolución, tal e como así o manifesta o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública do goberno español, deste xeito sinala:

“Al amparo del Convenio Marco Europeo y de los Tratados bilaterales con Francia y Portugal se han suscrito por las entidades territoriales españolas 62 convenios de cooperación transfronteriza durante todos estos años.....Con carácter general, es superior el número de convenios suscritos por Entidades Locales que el de los suscritos por Comunidades Autónomas”⁹

No caso concreto que nos ocupa prantexamos o desenvolvemento dun dos esquemas de Acordos, Estatutos e Contratos entre as autoridades locais que dito Convenio estipula dentro dos seus anexos o seguinte:

Esquema de Contrato entre autoridades locais en zonas fronteirizas para suministros o prestación de servicios

O presente esquema vai encamiñado a concesión de servicios públicos o a contrata de obras públicas o as cesións arrendaticias e aportacións financeiras de un municipio a outro ou a outro organismo ao outro lado da fronteira. Estas concesións públicas entrañan responsabilidades e riscos específicos en relación cos servicios públicos lo que exige a inclusión de clausulas complementarias.

De este xeito o contrato deberá de constar dos seguintes apartados:

⁹ Publicación do 2010 porla Secretaria de Estado de Cooperación Territorial e a Dirección General de Cooperación Autonómica titulada: *La cooperación transfronteriza realizada por las entidades territoriales españolas*”.

APARTADO	ARTIGOS
Partes contratantes	Artigo 1. Designa as partes contratantes Artigo 2. Especifica os problemas relacionados coa facultade xeral de contratar e, en particular, cales son os beneficiarios, as modalidades e as condicións. Habra que establecer, así mesmo, cando proceda, as reservas necesarias relativas á previa autorización das autoridades superiores canto isto afecte á aplicabilidade do contrato.
Obxecto do contrato	Artigo 3. Determina o obxecto do contrato, con referencia: cuestións concretas, zonas xeográficas, persoas ou municipios e formas xurídicas determinadas. Artigo 4. Estipula a duración do contrato, as condicións de prórroga e os posibles prazos de cumprimento.
Réxime xurídico e económico do contrato	Artigo 5. Determina o lugar da firma e da execución do contrato e especifica o réxime xurídico do contrato e o dereito aplicable . Artigo 6. Estipula se procede, as cuestións financeiras así como os problemas de seguros.
Procedemento de arbitraje	Artigo 7. Dispón, cando sexa procedente, un procedemento de conciliación e establece un procedemento de arbitraje.
Modificacións e rescisións do contrato	Artigo 8. Fíxanse as normas aplicables en caso de modificación o de rescisión do contrato.
Cláusulas Específicas	Regulamento sobre as condicións de establecemento o de funcionamento da instalación ou servizo correspondente. Condicións específicas para a constitución da Empresa ou a explotación. Prego de condicións da empresa ou a explotación. Procedementos que abarca o contrato de execución ás exigencias de interese público e para determinar as compensacións financeiras que teñan que pagarse. Modalidades das relacións que se deriven da empresa ou da explotación entre os usuarios e o encargado da explotación. Modalidades de retirada, de rescisión ou de denuncia do contrato.

Ademais do desenvolvemento do presente contrato, e seguindo o Real Decreto 1317 / 1997, do 1 de Agosto, debese realizar o seguinte:

- Comunicación previa de obrigatorio cumprimento a Administración Xeral do Estado polas Comunidades Autonomas e as Entidades Locais dos proxectos de convenio de cooperación transfronteirizo que pretendan subscribir.
- Publicación oficial no Boletín Oficial do Estado dos convenios subscritos para que teñan eficacia en España.

En definitiva o que se desenvolvera, será un acordo entre as entidades locais fronteirizas cara a xestión conxunta dos recursos e infraestruturas. Evitando deste xeito o desenvolvemento de novos organismo que dificultarían a xestión inminente que a situación así o require.

2º Fase: Os concellos e as cámaras crean e asóciense nun organismo sen personalidade xurídica propia

Este organismo sen personalidade xurídica no consta de orzamento, dependendo dos orzamentos dos socios.

3ª Fase: Nomeamento do órganos xestor.

Este órgano xestor desenvolve un Plan de Traballo que inclúe a definición da estratexia, dos procesos operativos e procesos de apoio.

Os procedementos organizativos que ordenan todo organo de xestión e por suposto que ordenará o acordo estipulado nunha primeira instancia divídese nas seguintes categorías:

Os procesos estratéxicos están orientados ó éxito do modelo. Cada socios deberá facer esforzos na súa zona de influencia para apoiar o proxecto coa proporción do servizo.

Definirá a súa vez os Procesos operativos: estes procesos definen la xestión diaria e a atención ós usuarios. Debe asignarse dentro de cada organización un responsable para cada un de eles. Será o propio coordinador quen poderá pilotar calquera dos procesos, mais en aras de mellorar a implicación do persoal debería atribuírse a responsabilidade de estes procesos a un empregado.

Os procesos de apoio definidos teñen por obxecto facilitar a consecución dos obxectivos previstos nos procesos operativos.

Coa finalidade de estipular metas alcanzables, centrarémonos nun primeiro intre nos procesos a desenvolver denominados operativos e de apoio xa que competen o día a día e a medio e longo prazo traballaremos cos procesos estratéxicos.

Os procesos operativos que a levar a cabo no momento que nos ocupa, deben ser analizados en base a cada área seleccionada.

Deste xeito para a área de COOPERACIÓN A CAÑIZA – ARBO - MELGAÇO, onde os recursos a compartir son o camping da Cañiza e o Centro de Estágios de Melgaço, os procesos a desenvolver son os seguintes:

Identificamos dous procesos operativos: recepción e localización de usuarios e organización de actividades lúdico-deportivas, sociais, turísticas ou culturais para os usuarios, para calqueira das dúas instalacións.

- Recepción de usuarios:

Deberá definirse exhaustivamente este proceso e incorporar tódalas tarefas de atención. Por exemplo:

- Xestión de reservas: telefónicas, emails, vía web, etc.
- Check-In: localización de reservas ou en su defecto xestión da alta, busca de alternativas en caso de que as instalacións de aloxamento estean cheas.
- Información o cliente: instalacións, normas, dereitos e obrigas, etc
- Check-Out: facturación, cobro, incidencias, etc.
- Localización: explicación da praza asignada, acceso, suministros de auga e corrente eléctrica, etc.
- Para unha mellor xestión debería ter unha aplicación personalizada deseñada para este modelo de negocio.

- Organización de Actividades:

Para manter a actividade nas instalacións é necesario realizar actividades lúdico-deportivas, culturais, turísticas, etc. Desta maneira porase a disposición dos usuarios de actividades como:

- Actuacións de grupos locais e rexionais das freguesías e parroquias das zonas.
- Actividades deportivas e campionatos
- Talleres para nenos e adultos de manualidades, ecoloxía, deporte etc.
- Xogos na piscina
- Concursos e xogos para as persoas usuarias.
- Excursións as zonas turísticas e naturais da zona

Os procesos de apoio definidos teñen por obxecto facilitar a consecución dos obxectivos previstos nos procesos operativos.

Definíronse tres procesos:

- Compras: debe haber definidas as responsabilidades das compras e subcontratación para que non haxa problemas de atención ou servizo ás persoas usuarias.
- Xestión da calidade: a introdución de sistemas de xestión da calidade nos servizos de aloxamento e nos cámpings experimentou ultimamente un aumento progresivo.
- Todos os cambios que están a acontecer no sector tanto no turístico coma no ocio obrigan os xestores a demostrar a excelencia na calidade dos servizos ofrecidos, encontrando nos sistemas de xestión da calidade certificados unha importante axuda.
- Xestión do medioambiente: igualmente, os sistemas de xestión medioambientais están implantándose con maior asiduidade debido ó diferenza de natureza e ecoloxía que representa un cámping. A implantación de calquera medida cuxo obxecto sexa a diminución dos consumos de enerxía ou auga permite obter importantes aforros nas instalacións

Os procedementos que marcan a organización dentro do período temporal destinado ao curto prazo



Para o caso da outra zona de traballo, COOPERACIÓN VALENÇA – TUI – O PORRIÑO, as instalacións que abarca son: a área panorámica de Tui, o centro polideportivo de O Porriño, e a piscina e a cancha de tenis de Valença. Neste caso os procesos son os seguintes:

Os procesos operativos deberán ser analizados para cada un dos recursos.

No caso das instalacións da Área Panorámica de Tui, haberá que ter moito tino a hora de deseñar as exposicións, e establecer a rotación necesaria das mesmas para que a afluencia de público sexa constante.

Procesos operativos: estes procesos definen la xestión diaria e a atención as persoas usuarias. Debe asignarse dentro da organización un responsable para cada un de eles.

- ~ Xestión da biblioteca: préstamo, altas e baixas de usuarios, xestión do fondo bibliográfico, catalogación, compra de mercadorías, organización de actividades lúdicas e formativas, organización de exposicións...
- ~ Xestión da radio: planificación da programación, xestión da publicidade, patrocinios...

- ~ Cesión de salas: a coordinación para a cesión das salas para diferentes actividades como as que se están a desenvolver ata o momento.
- ~ Organización de actividades culturais: organización de exposicións, actuacións, representacións teatrais, en definitiva, calquera actividade sociocultural levada a cabo na bisbarra.

E no caso das instalacións deportivas (Centro polideportivo de O Porriño e Piscina e cancha de tenis de Valença):

- ~ A xestión de altas e baixas de aboados e persoas que acudan puntualmente.
- ~ A xestión da organización de competicións entre clubs deportivos da zona e equipos de Portugal.
- ~ A xestión das escolas deportivas e a das actividades ofertadas: coordinación de horarios, establecemento de grupos, disposición dos recursos.
- ~ Xestión das actividades deportivas: alugueiro das instalacións, coordinación de horarios, vixilancia e control da realización de actividades, recepción de usuarios

Os procesos de apoio tamén podemos consideralos comúns :

Definíronse tres procesos:

- Compras: as compras deberán ter definidas os procedementos de compras de material e a subcontratación do persoal, así como establecer o procedemento cos pasos necesarios para a contratación dos grupos teatrais e musicais.
- Xestión da calidade: a introdución de sistemas de xestión da calidade nos servizos permitirá unha mellor atención os usuarios e un maior control de todo o proceso de xestión.
- Xestión do medioambiente: no caso da piscina é necesario establecer metas e obxectivos medioambientais, posto que é un servizo que consume moita enerxía. Sempre que sexa posible, deberán tratar de implementarse pequenos cambios cos que se consigan facer un mellor aproveitamento dos recursos enerxéticos e colaborando co desenvolvemento sostible ambiental.

Os gráficos dos procesos globais que os representan son os que axuntamos a continuación:

ÁREA PANORÁMICA DE TUICENTRO DE DEPORTES DE PORRIÑO e PISCINA E CANCHA DE TENIS DE VALENÇA


7.2 Actuacións de marketing a desenvolver

No campo do marketing son moitas as actuacións a levar a cabo no territorio sobre o que traballouse. As seleccionadas para o presente período temporal son as seguintes:

- Creación do carné transfronteirizo que proporcione descontos e facilidades ás persoas que residen nos concellos limítrofes entre Galicia e Portugal.
- Proposición de acordos cos organizadores das diferentes feiras e romarías da zona para a promoción conxunta dos aspectos.
- Aproveitar as instalacións a compartir para organizar actividades conxuntas (exposicións, representacións teatrais, presentación de libros, etc.).
- Establecer os descontos e a qué servizos van a ser aplicables.
- Creación dos perfís públicos nas redes sociais.
- Elaboración dos diferentes carteis promocionais a distribuír pola zona.

7.3 Carné Transfroteirizo

Se observamos esta matriz DAFO dunha forma global, podemos deducir que a primeira acción a desenvolver é a creación dun *“carné transfronteirizo”*, é dicir, unha tarxeta de residente para cada unha das zonas. Coa que todos os residentes poidan beneficiarse dos servizos ofertados a ambas marxes do río Miño, xa sexan residentes da marxe galega ou da marxe portuguesa. Esta tarxeta e este uso compartido dos recursos promoverá a cooperación das institucións e, dunha forma máis ambiciosa, a integración cultural aumentando así a riqueza da zona.



Os obxectivos que o carné marca como obxectivos os seguintes:

- Xerar un sentimento de pertenza da poboación obxecto a zona fronteiriza tratada.
- Incrementar o acceso das persoas usuarias as instalacións e recursos transfronteirizos.
- Establecer un elemento de unión na xestión e aproveitamento das infraestructuras e recursos transfronteirizos.

A poboación beneficiaria terá acceso ao carné transfronteirizo de forma gratuíta, e a través del obterá descontos, prestacións e beneficios nas actividades a desenvolver por cada unha das infraestructuras compartidas, así como as levadas a cabo polo propios xestores, como por exemplo o desenvolvemento de routerios, facilidades no transporte transfronteirizo ou xornadas gastronómicas ou comerciais. É dicir, o carné transfronteirizo soamente é un paso previo que fundamentara a execución dunha serie de actividades a desenvolver con posterioridade que ira evolucionando a medida que o proceso de xestión evoluciona temporal e organizativamente.

7.4. Eventos e actividades

A xestión compartida de recursos e a existencia de acordos entre as administracións públicas non deixan de ser un alicerce cara o desenvolvemento de actuacións conxuntas que o que procuren sexa o desenvolvemento dun espírito poboacional conxunto sen barreiras entre os dous países, dando lugar a importantes lazos de unión que faciliten o desenvolvemento de actividades futuras con mais peso e relevancia no territorio de actuación.

Os eventos e actividades poden versar sobre multitude de temáticas e agrupar a sectores poboacionais moi heteroxeneos. Un pequeno exemplo das actividades a levar a cabo poderán ser as seguintes:

- Xornadas culturais, gastronómicas ou comerciais
- Roteiros turísticos sobre as distintas zonas que comprenden a zona transfronteiriza do Sur de Galicia – Norte de Portugal.
- Circuitos culturais conxuntos
- Eventos deportivos
- Festival musical intercultural

Un dos aspectos a ter en conta para o desenvolvemento deste tipo de actuacións e facilitar o acceso a toda a poboación dun xeito igualitario e sen discriminación algunha, gracias ao desenvolvemento de actividades a prezos alcanzable para calquera colectivo poboacional, ademais de facilitar a accesibilidade grazas a unha boa comunicación (transporte). Ademais as actividades poderán desenvolverse a unha ou outra beira do río Miño coa finalidade de facer ver a equidade entre pobos, así como os beneficios que cada un posúe e pode aportar a poboación limítrofe e beneficiaria.

7.5. Promocións e descontos

Formulamos dúas opcións diferentes, sempre pensando na existencia do “carné transfronteirizo” co cal os habitantes que o posúan poidan obter beneficios nos diferentes servizos e recursos compartidos.

- **Descontos:** propoñemos descontos nos diferentes servizos ofertados en cada unha das infraestruturas ou recursos compartidos, deste xeito, por exemplo no cámping poderán existir descontos na cafetería, descontos por estancias longas, pases temporais para a piscina ou descontos no alugueiro do pavillón deportivo.

Outro tipo de descontos a formular, serán os descontos en transporte. A existencia dunha dun servizo transfronteirizo de transporte é outra das actuacións a desenvolver que no proxecto vese recollida, polo que a partir da súa existencia os beneficiarios poderán optar a descontos interesante sempre e cando posúa o carné

- **Promocións:** propoñemos tamén lograr acordos coas entidades que organicen os eventos turísticos, tanto culturais coma gastronómicos, para así lograr un beneficio mutuo; por unha parte o beneficio que proporciona a afluencia de público a todas as actividades e, polo outro,

a promoción dos actos e festas culturais mediante a disposición para os asistentes dun lugar de descanso cómodo, barato e de calidade.

Para o resto do público, os que non posúan o seu carné transfronteirizo aplicaránselle as tarifas normais que se veñen aplicando ata este momento.

7.6 Comunicación

Para levar a cabo unha comunicación efectiva sería moi interesante aproveitar as bondades que proporciona a rede, a poboación actual de hoxe en día busca a información dos sitios os que visita en foros de internet, onde se pode compartir as opinións do resto de usuarios.

Outra forma de comunicación en internet son as redes sociais, lugares onde se pode facer unha publicidade moi efectiva cun custo practicamente nulo. Outros beneficios das redes sociais son as recomendacións que poden facer os amigos entre si, se unha persoa queda satisfeita cos servizos ofertados, esta persoa recomendará o sitio os seus contactos e é moi probable de que algún deles escolla ese lugar como opción de ocio.

Aparte de internet, temos tamén os medios de comunicación “tradicionais”: carteis, publicacións escritas, televisións, radios e prensa local.

- **Comunicación a través de internet:**

Os esforzos deben centrarse en:

- Creación de perfís públicos das infraestruturas e recursos xestionados a través das diferentes redes sociais existentes, estes perfís servirán para a comunicación das diferentes ofertas e promocións establecidas para os diferentes públicos obxectivos.
- Exposición de todos os recursos compartidos na web do proxecto: <http://www.poctep.eu> onde aparezan todos os recursos compartidos e onde se fale do “carné transfronteirizo”, explicando todos os beneficios que se poden obter por formar parte desta comunidade.

- **Medios de comunicación tradicionais:**

Neste caso a publicidade deberá estar máis centrada e diferenciada en función dos diferentes grupos de idade establecidos anteriormente. Os diferentes carteis e anuncios deberán reforzar a

idea os conceptos e servizos máis apetecibles segundo o público ó que estea destinado o anuncio.

Tamén é importante saber onde se poden colocar os diferentes carteis e anuncios para que o impacto cara o público obxectivo sexa máis efectivo; un exemplo deste aspecto sería colocar os carteis nos arredores de institutos e universidades.

Os anuncios das televisións, radio e prensa tamén deberán ser diferentes en función da franxa horaria e do programa que sexa emitido, os programas dedicados á xuventude recollerán terán uns spots, mentres que os programas para un público máis maior e con familia salientarán outros aspectos.

Outra posibilidade é a de publicar anuncios na prensa, en revistas dedicadas ao turismo, aproveitando posibles reportaxes sobre a zona e os seus costumes.

En todos estes casos é necesario ter en conta a estacionalidade xa que existen instalacións a compartir, como o cámping ou as piscinas que abren soamente no verán (caso do camping) o teñen mais afluencia de publico en período escolar polo que igual hai que reforzar o seu uso (exemplo as piscinas).

8. A XESTIÓN COMPARTIDA A MEDIO PRAZO

Falar de xestión compartida a medio prazo das infraestruturas seleccionadas require obter unha perspectiva mais arriscada implicando o desenvolvemento de novos organismos que aportaran sostenibilidade e rigurosidade as actuacións a levar a cabo. Resulta salientable dicir que o emprego de novas fórmulas organizativas cara a xestión compartida sería un elemento a través do cal conseguiríase alcanzar cotas mais elevadas e dificultosas que as marcadas por un acordo único da administración local entre os dous países. En definitiva, o que estaríamos a falar é de dar un paso máis cara dita xestión, sendo conscientes da dificultade que a creación e sustentabilidade dun organismos xestor propio e fundamentado na GNP, AECT levaría consigo.

En resume diremos que o que se abarca no presente epígrafe son as características, fases de creación e tipos de organismo a desenvolver (fundamentado na figura do CONSORCIO, como equiparable entre os dous países), así como todas as actuacións a levar a cabo dun período superior ao tratado con anterioridade xa que requirirían mais dedicación, esforzo e traballo cara o seu desenvolvemento.

8.1. Descrición da nova figura do CONSORCIO

Neste estudo previo sobre a implantación de un modelo de xestión compartida é obrigado referirse ás dificultades da creación de entidades de cooperación transfronteiriza, debido ás diferencias non só legislativas entre cada un dos países involucrados senón tamén debido á distribución dos órganos de goberno na organización do estado entre España e Portugal.

Ás competencias dos concellos en España son menos numerosas que as competencias das cámaras municipais de Portugal. Aspecto que resultou determinante para escoller aqueles servizos cuxo poder de decisión último e responsabilidade final quedase en mans dos concellos e os seus representantes.

Para facilitar a cooperación o Goberno español e portugués acadou un acordo no ano 2003, asinado como TRATADO DE VALENCIA cuxo obxecto era promover e regular xuridicamente a cooperación transfronteiriza entre instancias territoriais portuguesas e españolas.

O contido de estes convenios teñen primordialmente como finalidade permitir as entidades asinantes, tratar de asuntos de interese común, e para conseguilo, poderían basearse na creación de organismos de cooperación transfronteiriza sen ou con personalidade xurídica propia.

O primeiro modelo queda descartado porque o artigo 10 do Tratado non contempla a posibilidade de xestión de servizos baixo esta fórmula (sen personalidade xurídica).

8.2. Modelo xurídico

Segundo o Tratado de Valencia do 3 de outubro de 2002, no artigo 11, os organismos con personalidade xurídica propia terán tres finalidades:

- a) Realización de obras públicas.
- b) Xestión común de equipamentos e servizos públicos
- c) Desenvolvemento de accións que lles permitan beneficiarse do Programa España-Portugal da iniciativa comunitaria INTERREG III A ou dos instrumentos, aceptadas polas partes, que o substitúan.

No mesmo artigo 11 especificase que o organismo en España debe adoptar a forma xurídica de CONSORCIO, sendo aplicable o Dereito español propio de este tipo de Organismo. Con o que para a xestión común de equipamentos, que é o noso cometido, non existe outra alternativa na elección, xustificando a posible creación de dito CONSORCIO

Definición

Segundo a Eva Nieto Garrido, na súa obra “El Consorcio Administrativo”, podemos afirmar que o Consorcio, é unha asociación entre entes públicos, aínda que pode contar coa participación de entidades privadas sen ánimo de lucro. Ten un carácter instrumental, xa que o fin ou servizo que rexe a súa constitución cae na órbita competencial dos entes membros

En definitiva “O consorcio administrativo ten actualmente natureza de ente de Dereito público e o seu réxime xurídico é, polo tanto, igualmente público. No entanto, as particularidades que establecen os Estatutos da entidade encádranse no réxime xurídico aplicable á mesma que variará en función da natureza dos entes ou membros que exerzan o control efectivo sobre os órganos de goberno do Consorcio.”

Características

- Constituído por entidades de distinta natureza (municipios, deputacións provinciais, comunidades autónomas, etc).

- A finalidade da súa constitución radica na realización dunha obra ou servizo determinado no que están interesadas os entes que o compoñen, polo que deber formarse dito CONSORCIO sempre baixo unha finalidade concreta.
- Precisa organización estrutural.

Regras que establece a lexislación ¹⁰:

1. Consorcio ten carácter voluntario e personalidade xurídica propia.
2. É unha asociación de entidades públicas de diferente orde na que poden participar entidades privadas sen ánimo de lucro.
3. Os servizos que deben asumir o Consorcio serán sometidos, si fose necesario ao procedemento de municipalización ou provincialización de servizos.
4. Os órganos de decisión do Consorcio estarán integrados por representantes de todas as entidades consorciadas, na proporción que fixen os respectivos Estatutos.
5. Na xestión de servizos públicos o Consorcio poderá adoptar calquera das modalidades de xestión previstas na lexislación de réxime local.
6. Os Estatutos derminarán os fins do mesmo, a súa orixe orgánica, funcional e financeiro.

8.3. Procedemento a seguir na creación

Para a creación dos consocios deberán seguirse as seguintes fases:

FASE I: Os concellos e cámaras municipais deben asinar un Convenio de Colaboración.

Estes convenios deben axustarse ó Tratado e deben seguir os procedementos internos e de control establecidos para cada unha das partes.

Nos convenios debe constar:

- a) a identificación das entidades asinantes;
- b) os ámbitos de actividade a que se refira a cooperación;
- c) os instrumentos, os procedementos e a forma de realización da devandita cooperación nos ámbitos mencionados na letra anterior;

¹⁰ Fonte: “El Consorcio Administrativo”, NIETO GARRIDO, EVA 1997 (Pag. 107).

- d) o dereito aplicable e as formas de conciliación ou de resolución de controversias;
- e) as determinacións correspondentes aos requisitos que o presente Tratado esixe no caso de que os convenios teñan por obxecto a creación de organismos de cooperación transfronteirizos;
- f) o procedemento de modificación de ditos convenios;
- g) o establecemento da súa vixencia, así como a previsión dun sistema de terminación anticipada da súa eficacia.

FASE II: Creación do Consorcio

Anexos ó convenio de colaboración, redactaranse os estatutos, que con independencia de outras cuestións, deben especificar:

- a) a identificación dos membros;
- b) a denominación, a sede, a zona xeográfica en que desenvolva a súa actividade, a duración e a forma legal adoptada, facendo referencia á lexislación que lle recoñeza personalidade xurídica;
- c) o obxecto concreto da súa actividade, as tarefas que lle fosen encomendadas polas instancias e entidades territoriais que o constitúan e as condicións e medios de que dispoña para a súa realización;
- d) as relacións que estableza cos membros, con terceiros e con autoridades superiores ou de control;
- e) o réxime de contratación;
- f) o patrimonio e o réxime de financiamento ou formación do capital social;
- g) o ámbito e os límites da responsabilidade dos membros;
- h) a previsión dos órganos sociais, os seus competencias, o procedemento de toma de decisións e o sistema de nomeamento ou cesamento dos seus titulares;
- i) o réxime do presuposto, dos balances e da fiscalización de contas;
- j) as regras relativas ao estatuto e á xestión do persoal;
- l) as linguas adoptadas, debendo redactarse en todo caso as decisións dos órganos sociais nas linguas oficiais das partes;
- m) as regras relativas á modificación dos estatutos, á adhesión ou a retirada de membros, á disolución do organismo e ás condicións de liquidación despois da súa disolución;

n) as formas de solución de controversias.

FASE III: Órganos de Gobierno

Reflectirán a proporcionalidade de recursos financeiros o da aportación do capital, ou en base á poboación que representan.

Os órganos esenciais sobre os que estruturarase o CONSORCIO son:

- Xunta de Goberno: órgano deliberante onde están representados todos os entes membros.
- Órgano con funcións executivas: con carácter colexial (Comisión Executiva) ou unipersonal (Director ou Xerente do Consorcio).

Pódese elixir entre tres modelos de órganos de goberno, dependendo do que máis se axuste ao modelo a desenvolver:

1. ESQUEMA ORGANICO QUE PREVALECEN ORGANOS COLEXIADOS (DE CONCELLOS)

- Xunta de Goberno ou Asemblea Xeral: forman parte todos os membros do Consorcio e é o órgano supremo de deliberación e decisión.
- Comisión Executiva: Órgano de dirección técnica e con número menor de persoal que a Xunta de Goberno.
- Presidente do Consorcio: funcións representativas do ente

2. ESQUEMA ORGÁNICO QUE PREVALECEN ORGANOS UNIPERSONALES

- Xunta ou Consello Xeral : con representación de todos os membros do Consorcio.
- Presidente do Consorcio
- Xerente: Funcións executivas, de inspección e dirección da satisfacción do obxecto consorcial.

3. ESQUEMA ORGÁNICO BÁSICO (ELEMENTOS UNIPERSONALES + COLEXIADOS)

- Xunta ou Consello xeral : Órgano supremo de deliberación
- Comisión Executiva : Órgano esencial de decisión.
- Presidente e Vicepresidente: Funcións representativas.
- Xerente: Asume funcións delegadas pola Comisión executiva e polo presidente do Consorcio.

Exemplo de Organigrama



FASE IV: Financiamento e Modelo Financeiro

Os consorcios se financiarán mediante as achegas dos socios. Estas achegas deben estar incluídas nos orzamentos dos membros. Ademais poderanse financiar mediante os ingresos da propia actividade do Consorcio.

No caso de requirir préstamos, deberase aprobar por unanimidade do órgano de goberno.

Razóns que xustifican a selección de este modelo:

- Conseguir un modelo de xestión que controlase os cartos públicos dos socios e onde fose posible a todo o momento a rendición de contas e o stewardship dos mesmos e doutros recursos destinados a un proxecto común.
- Responder a preocupación da entidade axudicante en non crear un AECT ou unha estrutura permanente de cooperación sobre a forma empresarial.

Tendo presentes ditas razóns propónse coma modelo de financiamento o Partnership (de Responsabilidade Limitada ou Limitado). As características de este modelo son:

- Facilitade de formación, vida limitada, mutua axencia e copropiedade dos activos e do resultado do partnership.

- Soamente o socio responsable de una sociedade limitada é responsable por el no pago de débedas da sociedade.
- De forma diferente de unha empresa, unha sociedade de responsabilidade limitada non é unha entidade de obxecto de tributación. A un partnership é esixido normalmente que presente información sobre o resultado obtido e a parte de cada socio do mesmo.
- Unha sociedade de responsabilidade limitada é considerada unha entidade separada para efectos contables, non obstante o feito do Partnership ser legalmente unha asociación de entidades, unha partnership é unha entidade legalmente separada, porque pode deter propiedade, ser accionada ou accionar contra outros no tribunal. Empresas profesionais poden establecerse nos campos do dereito, medicina e da auditoría / contabilidade organizadas nos modelos de partnership.
- Os puntos que deben ser cubertos nun contrato de Partnership son:
 1. Data de formación e duración estimada, nomes dos socios e nome e actividade de “negocio”.
 2. Activos para ser investidos por cada socio e os procedementos para a valorización de activos investidos que non sexan diñeiro.
 3. Autoridade de cada socio e os respectivos dereitos e obrigacións.
 4. O período contabilístico a ser utilizado, a natureza dos rexistros contabilísticos e os demostrativos financeiros a evidenciar.
 5. O plano do reparto dos resultados positivos e negativos.
 6. Salarios e levantamentos permitidos aos socios e as penalizacións por excesos de levantamentos.
 7. Cláusulas relativas a seguros dos socios.
 8. Cláusulas para arbitrar litixios.
- Tres tipos de contas correntes son xeralmente empregadas para cada socio:
 1. Contas de capital
 2. Contas de levantamentos
 3. Contas para préstamos a/ de socios.
- Os activos en especie investidos nunha sociedade de Responsabilidade Limitada son recoñecidos polos seus xustos valores correntes no momento do investimento. Calquera ganancia ou perda con asignación de activos que non sexan diñeiro investidos polos socios é

dividido entre estes no mesmo ratio establecido previamente para repartir o resultado do partnership.

- Os socios poden acordar en uno calquera plano de reparto do resultado. Se os socios non formalizan dito reparto do resultado, normalmente aplicase a partida igualitaria.
- Se o contrato do partnership inclúe xuros en capital e/ou salarios na división do resultado, positivo ou negativo, os xuros e os salarios son suministrados de forma integral, mesmo que o partnership incorra nunha perda. Unha cláusula para os levantamentos regulares debe especificar se estes son un factor para a división do resultado. A parte de cada socio non excedente pode ser presentada na demostración de resultados ou en notas anexas aos demostrativos financeiros.
- Unha demostración de contas de capital dos socios é un demostrativo financeiro preparado polo partnership no final de cada período contabilístico. Ese demostrativo mostrara o capital de cada socio no inicio do período, os investimentos por el realizados durante o período, e a participación no excedente que lle compete, os seus levantamentos durante o período e o saldo de capital final que aínda detén no final do período.
- Calquera erro na medición de excedente/ resultado de períodos anteriores debe ser analizado cando o ratio de partida do excedentes é alterado ou cando unha alteración nos socios ten lugar. As contas de capital dos socios son reexpresadas baseadas na proporción de cada socio de excedente correcto para cada período.
- As operacións dunha sociedade de responsabilidade limitada, en regra, non son interrompidas sempre que ocorren alteracións no partnership. Tales alteracións ocorren cando un novo socio é admitido para o partnership cando un socio sae.
- A admisión dun novo socio pode ter lugar por medio de:
 1. Adquisición de toda ou parte do investimento de un ou mais dos socios existentes
 2. Investimento en activos no partnership.
- Cando un novo socio fai un investimento nunha sociedade de responsabilidade limitada poden acontecer tres situacións:
 1. A conta de capital do novo socio é creditada polo xusto valor corrente dos activos investidos polo novo socio e as contas de capital dos socios existentes permanecen inalterables.

2. O novo socio inviste un montante que é maior do que a porcentaxe que posuía nos activos líquidos, o que implica recoñecer un bónus ou fondo de comercio para os socios existentes.
3. O novo socio inviste un montante que é menor do que a porcentaxe que posuía nos activos líquidos, o que implica recoñecer un bónus ou fondo de comercio para o novo socio.

8.5. Mapa de procesos

Ao desenvolver un novo órgano de xestión coma o Consorcio os procedementos a levar a cabo poden verse modificados, abarcando dende os operativos aos de apoio. Polo que requiriran unha pequena revisión por parte da organización para determinar se precisan modificacións leves. Coma dito aspecto adquire un peso bastante pouco representativo, e abarcan os operacións básicas no día a día na que o consorcio no terá un peso específico, centrarémonos nos procedementos extratécnicos. Ditos procedementos desenvólvense co paso do tempo, e esa é a razón pola que son marcados para o súa execución a medio e longo prazo.

No caso que nos ocupa, os obxectivos estratéxicos a diferenza dos operativos e de apoio son comúns para as dúas áreas de cooperación.

Tal e como advertíamos no caso anterior, o organigrama dos debe incorporar un Área de Coordinación cuxa función sexa a de concertar medios, esforzos, recursos dos Concellos e Cámaras participantes no Consorcio.

Ao tratarse da xestión de dous recursos, culturais e deportivos, atopámonos con dos servizos distintos, onde os procesos operativos son diferentes entre eles e os procesos estratéxicos deben ser rexidos por un mesmo órgano xestor (Consorcio), xa que teñen os mesmos obxectivos entre a Biblioteca e o Centro Polideportivo.

Atopámonos con dos servizos distintos e con dos modelos de xestión iguais, e dicir, definición de procesos estratéxicos, operativos e apoio.

Os procesos estratéxicos están orientados ó éxito do modelo, por iso definíronse tres procesos estratéxicos que imos a detallar e cuxo piloto do proceso debe ser o Coordinador en estreita cooperación con socios.

- Captación de usuarios/as:

A idea é a captación das persoas usuarias redunda na explotación do Camiño Portugués como punto de atracción para todo o público interesado na cultura. Esta será a base de partida para vender o resto dos servizos. Interesa tamén mover a un público que non teña que facer longos traxectos para acudir á Biblioteca, isto significa persoas que residan en concellos limítrofes, xa sexa en Galicia como en Portugal.

No caso das instalacións deportivas, o público ao que se pretende captar, son traballadores que desempeñen a súa labor nos diferentes polígonos industriais do concello de O Porriño e que dispoñan do tempo suficiente para realizar actividades deportivas nas instalacións do concello antes de regresar ós seus fogares (para o Centro Deportivo de O Porriño) e a poboación escolar, moza e de idades avanzadas que estean interesadas no desenvolvemento de actividades deportivas tanto na zona de Valença (Piscina e cancha de tenis) coma na zona de Melgaço (Centro de Estagios). No caso de este último é importante salientar a súa capacidade para o desenvolvemento de actividades de ocio apoiado nas súas infraestruturas coma o minigolf, a zona spa ou o propio estadio, polo que poderá abarcar todo tipo de públicos interesados en destinar parte do seu tempo de lecer na súas instalacións.

- Xestión de RRHH

Como xa se comentou nos apartados anteriores, é imprescindible que os recursos humanos dominen ambos idiomas, tendo coñecementos de ámbalas dúas culturas para poder atender aos potenciais clientes dun xeito óptimo. Sobre todo no caso dos educadores e formadores, será necesario que sexan profesionais de contrastada experiencia que estean acostumbrados ao trato con nenos e con os maiores.

- Xestión de infraestruturas

Necesitamos que as persoas estean concienciadas da necesidade de manter as infraestruturas dun xeito correcto, que estean limpas e coidadas e resulten apetecibles de ser visitadas.

8.6. Actuacións de marketing a desenvolver

No campo do marketing son moitas as actuacións a levar a cabo no territorio sobre o que traballouse. As seleccionadas para o presente período temporal son as seguintes:

- Promoción de acordos no eido do transporte, que permita o tránsito fluído de persoas.
- Elaboración da páxina web propia
- Modificación das diferentes páxinas web dos concellos, consellerías e administracións competentes.
- Deseño dos diferentes spots publicitarios que serán emitidos nos medios de comunicacións locais.
- Mellora das instalacións e servizos
- Base de datos de grupos culturais
- Continuidade das actividades transfronteirizas instauradas na primeira etapa

8.7. Transporte

Sé o que se pretende é o fluír continuo entre os distintas beiras de cada uno dos países é preciso establecer un mecanismo que fundamento dito intercambio, é sen dúbida ese é o medio de transporte entre eles. Por elo, resultaría interesante comezar a traballar nun plan estratéxico onde recoller o modo no que xestionar dito transporte que permita o transcorrer da poboación obxecto e polo tanto garantir o uso dos recursos e infraestruturas a ámbolos dous lados do río Miño.

As áreas de actuación coas que desenvolver a presente actuación, deberá centrarse nun principio na conexión poboacional entre as dúas áreas territoriais de traballo:

- Cooperación territorial entre A Cañiza – Arbo – Merlgaço
- Cooperación territorial entre Valença – Tui – O Porriño.

O obxectivo fundamental e propiciar o fluxo poboacional a cada unha das infraestruturas e recursos xestionados compartidamente, xa que soamente será a apartir da presente medida coma se poderá garantir a equidade do acceso as distintas actividades e recursos desenvoltos no proxecto por a

poboación obxecto, sen que importe a posesión de transporte propio para acceder as presentes medidas de actuación.

O carné transfronteirizo facilitará tamén o desenvolvemento de importantes descontos no uso do transporte nas áreas de actuación o cal tamén potenciará o seu uso, así como incrementar as posibilidades de acceso aos recursos compartidos.

O desenvolvemento de dito plan estratéxico será fundamental cara a determinación da súa viabilidade, posibilidades de xestión, elección de zonas e posibilidades de acceso, determinación da tipoloxía de transporte a empregar, etc. A elaboración do presente plan correrá a cargo do organismo xestor, xa que será el unha das partes esenciais cara a súa execución posterior. Outro dos aspectos a ter en conta e a necesidade de ter tempo suficiente para a seu desenvolvemento e posterior execución, por elo, adoptouse coma unha medida a levar a cabo a medio prazo xa que sen a execución previa das actividades expostas o desenvolvemento do transporte carecería de xustificación posible.

Un paso fundamental cara dita actividade ou medida de actuación o esta a desenvolver o proxecto UNIMINHO. Dito proxecto ten como misión *facen dos municipios do redor do Minho una referencia a nivel europeo no desenvolvemento local a través de cooperación, pública o privada, da valoración dos recursos naturais e culturais propios deste espazo territorial, da promoción da vocación turística do territorio, da utilización intensiva das tecnoloxías da información e da innovación como catalizadores de procesos de desenvolvemento.*

O proxecto UNIMINHO abarcou catro actividades:

Actividade 1: Reforzo da Capacidade Técnica da Unimiho

Actividade 2: Centro de Información Transfronteiriza

Actividade 3: Concepción de un plan de transportes públicos do Val do Miño Transfronteirizo

Actividade 4: Elaboración de estudio de viabilidade para a presentación de Servizos Públicos Transfronteirizos.

Como se pode observar, tanto a actividade 3 coma a 4 recollen o desenvolvemento na zona do transporte polo que xa se esta a dar un pequeno paso cara a xestión do transporte na zona. Tendo presente esta importante actividade, resulta imprescindible o desenvolvemento da mesma no territorio seleccionada coa finalidade de aportar unha proba eficiente da mesma e así establecer os primeiros pasos tanxibles cara a comunicación da poboación da zona.

8.8. Comunicación

O desenvolvemento de actuacións no campo da comunicación non só abarcan o período de tempo inicial de traballo (a corto prazo) senón que vai mais aló, xa que require maior dedicación temporal.

No presente período marcamos os dous mesmos ámbitos de actuación que no período anterior:

- **Comunicación a través de internet:**
 - Creación dunha páxina web propia de cada recurso (exemplo: o camping de A Cañiza terá unha paxina web propia) na que se informe de todos os servizos ofertados e das diferentes actividades socioculturais, turísticas, gastronómicas, etc que se desenvolven na zona e nas instalacións. É importante para facilitar o seu emprego elaborar as presentes páxinas webs nos dous idiomas propios das áreas de actuación coa finalidade de garantir accesibilidade a poboación obxecto. Ademais é importante apoiarse no emprego das NN.TT e internet como unha ferramenta para facilitar a reserva das actividades, instalacións ou recursos por parte do cliente / persoa usuaria, é dicir, facilitar o acceso aos recursos gracias ao desenvolvemento de actuacións coma as seguintes:
 - Reserva e renovación bibliográfica por internet.
 - Reserva de pistas ou instalacións nos polideportivo.
 - Compra de entradas para actuacións culturais por internet.
 - Contratación de curso de natación a través de internet.
 - Publicidade a través das webs dos concellos e cámaras. No momento no que se creen as outras páxinas, estas webs dos concellos deberán ter enlaces ó resto das páxinas nas que se recolla información.
 - Esta mesma información que se recolle na web do concello e cámara, deberá estar recollida tamén nos outros concellos transfronteirizos, tanto en España coma en Portugal (non teñen porque pertencer a selección previa establecida no presente proxecto).
 - Por último, esta información poderá tamén estar recollida na web da Consellería de Cultura e Turismo e a Consellería de Traballo e Benestar, que se encarga da parte de Xuventude. Isto mesmo deberá estar nas páxinas web das correspondentes administracións portuguesas.
- **Medios de comunicación tradicionais**

Spots publicitarios: É unha ferramenta mais que sirve para dar a coñecer as actividades desenvoltas cara a xestión compartida. Resulta un pouco mais costosa que as prantexadas para o curto prazo pero da a coñecer e moviliza en maior medida que as anteriores. Pódese recorrer a distintas actividades para abaratar o seu emprego, coma un concurso de xóves publicistas ou directores de cine noveis que lle sirva o desenvolvemento desta actividade coma un trampolín para a súa carreira profesional. Ademais poderíase recurrir as televisións locais e a internet para difundir o anuncio e así dar a coñecer as actividades levadas a cabo na zona de actuación.

- Deseño dos diferentes spots publicitarios que serán emitidos nos medios de comunicacións locais.

Mellora das instalacións

A renovación das instalacións é unha medida a desenvolver co paso do tempo xa que a actualización das mesmas garanten a oferta de novas actividades e servicios a levar a cabo é con elo incrementar o rango poboacional do cliente / persoa usaria. Deste xeito, e por exemplo no caso do camping ao mellorar as suas intalacións, consellería poder ofrecer máis servizos, mais actividades e incluso estudar o aumento da sua categoría como servizo de aloxamento turístico. Ao mellorar os servizos ou actividades conseguirase un incremento de posibilidades de afluencia de público e con elo un incremento no fluxo poboacional transfronteirizo, optimizando a utilización de recursos na zonas de estudo.

Bases de grupos culturais transfronteirizos

Xerar unha rede cultural de profesionais que estean interesados na participación dun xeito continuo a ámbalas beiras do río Miño. Ao desenvolver dita rede, o que se pretende é establecer un grupo de artistas, axentes dinamizadores culturais, musicos, grupos folclóricos / populares que estean interesados en traballar conxuntamente tanto nos centros de pertencentes ao territorio español coma o portugués, dándolle facilidades cara ao seu contacto e contratación. Coa esta base de datos o obxectivo que se pretende é facilitar a participación de grupo culturais tanto en nos centros seleccionados en España coma en Portugal é asi ofertar actividade cultural para calquera dos publicos obxectos. Deste xeito conseguirase garantir non só o fluxo poboacional senón o intercambio cultural preciso para a futura unión dos pobos e da utilización conxunta dos seus recursos.

Continuidade das actividades xeradas

Resulta importante darlle continuidade as actividades desenvoltas no periodo anterior, xa que ao conseguir certa continuidade fáse un incremento notable no seu prestixio e na sua notoriedade transpasando as fronteiras do propio municipio onde se levan a cabo e facendo de elas un referente a nivel transfronteirizo. As actividades deste xeito poderan ir mellorando en relación a sua calidade na organización ou incluso incrementando a participación dos pobos como un medio mais cara a consecución de certa importancia no transcorrer da actividade diaria que envolve aos pobos.

9. A XESTIÓN COMPARTIDA A LONGO PRAZO

Sen dúbida algunha, o desenvolvemento dunha ampliación dos recursos e infraestruturas a xestionar conxuntamente é un paso a tomar cara un futuro tras a experiencia alcanzada cos pasos previos levados a cabo en períodos temporais anteriores. Dita xestión conxunta abarcaría unha ampla cantidade de recursos, dos que faremos especial mención en relación as infraestruturas sanitarias debido a súa complexidade.

Neste caso, un proxecto ambicioso pero moi beneficioso para a poboación transfronteiriza sería xestión conxunta de centros de saúde fronteirizos. Para elo temos que ter en conta que a saúde a súa xestión, son levadas a cabo de forma distinta dependendo do territorio que abarquemos. Deste xeito, no norte de Portugal a saúde é unha competencia da Administración Regional de Saúde do Norte (ARSN) que, de acordo co Decreto - Lei nº222(2007, de 29 de Maio, ten por misión garantir á poboación da Rexión Norte o acceso á prestación de coidados de saúde de calidade, adecuando os recursos dispoñibles ás necesidades en saúde. Aínda que de acordo con a Lei nº 159/99, de 14 de Setembro, prevee como competencias dos órganos municipais a construción, manutención e o apoio dos centros de saúde localizados nos respectivos concellos, a xestión operacional dos centros de saúde é competencia da ARSN.

Por outra banda, en Galicia a saúde é unha competencia transferida para as comunidades autónomas, cuxa xestión neste caso é de responsabilidade da Consellería de Saúde Pública e Planificación e do SERGAS. Este último organismo integra todos os centros, servizos e establecementos de saúde da administración autónoma galega, exercendo o goberno, a dirección e a xestión, con a finalidade de garantir a asistencia pública.

Esta matización levanos a determinar a necesidade de establecer importantes acordos que faciliten a xestión conxunta de ditas infraestruturas.

As infraestruturas posibles a seleccionar serían:

	COOPERACIÓN VALENÇA- TUI- O PORRIÑO	COOPERACIÓN MELGAÇO – A CAÑIZA - ARBO
EDUCACIÓN		
SANIDADE	Centro de Saude de Tui	Centro de Saúde de Melgaço

Para este caso concreto, o modelo de xestión debe contemplar como obxectivos os seguintes, coma un medio cara satisfacer a cooperación transfronteiriza na Saúde:

- Reducir o custe de servizos
- Mellorar a eficiencia e a eficacia de resposta á poboación no ámbito da saúde
- Obter economías de escala na xestión conxunta de infraestruturas e de equipamentos colectivos
- Desenvolver sinerxías e complementariades.

O modelo máis adecuado para a xestión de dita nova infraestrutura e o CONSORCIO. Neste senso podería darse continuidade ao organismo desenvolto no período anterior (medio prazo) adaptando parte das súas características ao novo recurso de xestión (personalidade xurídica propia, sen capital social, sen carácter lucrativo, de natureza pública). Ademais tamén é preciso elaborar un Acordo ou Contrato de Xestión entre os diferentes parceiros e a Administración. Dentro de dito acorde débese clarificar o modelo de control contabilístico – financeiro, podendo ser adaptado o existente ata o momento.

Non existe gran precedente de este tipo de xestión dentro da zona de actuación, cao excepción do acordo establecido o ano pasado pola entidade UNIMIÑO¹¹. O pasado ano, firmouse un acordo cooperación entre os gobernos de Portugal e España na cume Iberica de Zamora, a cal entra en vigor a 24 de Abril do 2011. A través do presente acordo, os habitantes de Monção, Melgaço, Cerveira, Valença e Paredes de Coura poderán ser atendidos no Hospital de Vigo.

¹¹ Publicación da noticia na portal web de VALE DO MIÑO <http://www.valedominho.net/node/1222>

Tamén estánse a realizar os primeiros pasos na Eurocidade Chaves-Verín no que España e Portugal, comprometeronse a levar a cabo actuacións en materia de saúde. Como primeiro paso creáranse dúas comisións, unha xeral para caracterizar os servizos de saúde na zona transfronteiriza, Galiza - Norte de Portugal, e outra específica dedicada á Eurocidade Chaves-Verín. Despois desa análise e caracterización ambas as administracións esforzaranse para promover acordos de cooperación entre os servizos de saúde de ambos lados, para que de modo conxunto preste un mellor servizo aos cidadáns. Coa publicación da nova lexislación permitírase, segundo a presente publicación que se elabore un estudo para analizar a relación dos equipamentos médicos dos dous países a partir dos cales, se poderá presentar unha proposta de unidade transfronteiriza de saúde entre Galicia e Portugal¹².

En definitiva, xa na actualidade estamos a vivir importantes cambios que poderán facerse palpables nun futuro, sempre e cando traballemos cara a cooperación a través do desenvolvemento de pequenos pasos esenciais cara a xestión compartida futura entre os dous pobos.

- Procedementos organizativos a desenvolver

Os procesos organizativos a desenvolver dentro do ámbito estipulado como a longo prazo consistira en dar continuidade ao plasmado ata agora en relación aos procesos que abarcan as áreas estipuladas cos organismos marcados (o consorcio).

Coma no presente intre, o que se pretende e ampliar a gama de recursos a compartir (sanidade e educación) o órgano xestor (o consorcio) deberá adaptar os procedementos determinados a nova situación. Aspecto que levará consigo un estudo exhaustivo do mercado, das fortalezas e debilidades así como das infraestruturas a compartir e posteriormente a xestionar. Esa é a razón pola que se considera unha actividade a levar a cabo cando se teñan cerrados en maior medida as novas posibilidades de xestión, requirindo un novo estudo da situación como o que na actualidade nos ocupou, a partir do que débense establecer novas políticas e premisas de xestión e organización.

10. RESUMO DOS MODELOS

¹² Nova extraída de <http://gl.eurocidadechavesverin.eu>

No estudo de modelos transfroteirizos europeos No seguinte cuadro resumimos os modelos expostos con anterioridade.

	MODELO C/PERSONALIDADE CONSORCIO	MODELO S/PERSONALIDADE ACORDOS ENTRE CONCELLOS
Protocolo asinado de Coopearción transfroteiriza	✓	✓
Creación de u organismo Xestor	✓	✓
Elaboración Estatutos	✓	X
Xestión Compartida de Recursos	✓	X
Plans de Actividades	✓	✓
Modelo Financeiro	✓	X

11.- CONCLUSIONES

Tras o desenvolvemento do presente estudo onde márcanse os parámetros fundamentais cara á xestión conxunta dos recursos e infraestruturas transfronteirizas, concluímos en que a pesar da dificultade que a propia xestión leva consigo, resulta un paso posible e moi enriquecedor para o territorio sempre e cando se manteñan certos parámetros e implicacións por parte dos protagonistas.

A implicación e una necesidade sen a que a xestión compartida nunca resultará ser un feito, sendo preciso acadar non unha mera vontade de axuda común, senón unha verdadeira comunión entre o esforzo organizativo e económico dos pobos implicados.

A unión de forzas deberá sustentarse nun alicerce común, os convenios de colaboración, os cales, deberán contar co apoio, coordinación e reforzo das administracións públicas de referencia en cada una das beiras fronteirizas e ter como instrumentación normativa o TRATADO DE VALENCIA. Ademáis, se poderá recorrer a figura do << Galicia – Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial>> (<<GNP, AECT>>).

Agrupación que ten entre os seus fins os seguintesⁱⁱ:

“... c.1.1. La promoción de las relaciones transfronterizas como instrumento fundamental de transformación de los territorios de la frontera en nuevos espacios de desarrollo.

c.1.2. La valoración y fomento de la competitividad del tejido empresarial de la Euro-región a través del conocimiento y de la innovación.

c.1.3. La conversión de la Euro-región en un territorio más atractivo, impulsando los sistemas básicos de transporte y accesibilidad, y reforzando las sinergias entre crecimiento y desarrollo sostenible.

c.1.4. El aumento de la cohesión social e institucional de la Euroregión Galicia – Norte Portugal.

c.1.5. Será también objetivo específico de GNP, AECT el reseñado en el artículo 1.2. del Regl. AECTⁱⁱⁱ, así como todos aquellos temas que interesen a la cooperación transfronteriza e interregional, respetando el ámbito competencial interno de cada miembro de GNP, AECT...”

Ademais e tal e como sinala dita Resolución:

“Las actividades a desarrollar por la GNP, AECT incluyen la realización de obras públicas, la gestión común de equipamientos y la explotación de servicios de interés general que se instituyan como consecuencia de su funcionamiento , sea directamente por sus propios medios, sea con recurso a los medios disponibles por la Xunta de Galicia y por la CCDR-N, sea incluso a través de su licitación y contratación.”


Xustificando deste xeito a presenza de dita agrupación para apoiar, coordinar e reforzar os convenios de colaboración a asinar.

O convenio non deberá de ser un paso máis cara unha unión final consolidada nun futuro no organismo xestor propio, O CONSORCIO. Forma xurídica que adaptase a perfección a normativa vixente en cada un dos territorios, e que permitirá a xestión compartida dos recursos.

Ao longo do estudo o que se formulouse foi unha perspectiva de futuro, onde marcouse un plan estratéxico para cada unha das áreas que respondían a un enfoque lóxico, a proba piloto dos tres tipos de recursos e infraestruturas existentes, o deportivo, o turístico e o cultural. Proba materializada en dous prototipos de consorcio, O CONSORCIO entre TUI, PORRIÑO E VALENÇA e O CONSORCIO entre A CAÑIZA, MELGAÇO e ARBO. Ante a consciencia de seren un modesto paso inicial, vese necesario a realización dunha proba piloto sobre ditos concellos e áreas territoriais, xa que soamente gracias a posta en marcha dunha experiencia real, acadarase alcanzar un paso efectivo cara a xestión compartida de recursos e o fundamento cara á integración social dos pobos fronteirizos e irmandados ao mesmo tempo.

Aínda así, si que existe un recurso sobre o cal é preciso traballar dende un primeiro intre, sendo fundamento esencial para acadar dito fluxo poboacional interfronteirizo, O TRANSPORTE. Sé o que se pretende e o fluír continuo entre os distintas beiras de cada uno dos países é preciso establecer un mecanismo que fundamento dito intercambio, é sen dúbida ese é o medio de transporte entre eles. Por elo, resultaría interesante comezar a traballar nun plan estratéxico onde recoller o modo no que xestionar dito transporte que permita o transcorrer da poboación obxecto e polo tanto garantir o uso dos recursos e infraestruturas a ámbolos dous lados do río Miño.

En conclusión:



Este gráfico mostra as dúas liñas de traballo. Un delas deseñada para ser un primeiro paso na cooperación transfronteiriza pero sen chegar a cumprir os obxectivos do proxecto que é a xestión compartida de recursos.

O outro modelo, máis ambicioso, se responde os obxectivos do proxecto aínda que require liderado e compromiso polas dúas bandas.

O liderado pódese outorgar, tal e como se comentou anteriormente, á AECT e o compromiso fixéronnolo chegar todos os Alcaldes e Presidentes cos que nos entrevistamos.

Os servizos seleccionados de carácter deportivo, cultural e turístico son un primeiro paso para que nun futuro poidanse compartir servizos de máis complexidade, cunha lexislación nacional e competencia de órganos superiores.

ⁱ Segundo a publicación a Revista d'Estudis Autonòmics i Federals, num 4- Any 2007.

ⁱⁱ Segundo a Resolución de 23 de Outubro de 2008, de la Secretaría General Técnica, por la que se publica la inscripción de los estatutos de la <<Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNP, AECT)>>.

ⁱⁱⁱ Dito artigo di: “La AECT tendrá por objetivo facilitar y fomentar entre sus miembros, tal como se definen en el artículo 3, apartado 1, la cooperación transfronteriza, transnacional e/o interregional, denominada en lo sucesivo <<cooperación territorial>>, con el fin exclusivo de reforzar la cohesión económica y social”